

INFORME DE XESTIÓN 2021

INFORME DE XESTIÓN 2021

ÍNDICE

LIMIAR7

1- CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

- 1.1 Fomentar a dimensión integral na educación ..12
- 1.2 Actualizar o marco normativo do estudantado.. 13
- 1.3 Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudantado 14
- 1.4 Transformar o modelo de xestión da calidade ...14

2- COMPROMETERSE CO PERSOAL

- 2.1 Definir un plan de persoal (PDI e PAS)20
- 2.2 Adaptar as estruturas de ordenación do persoal ás necesidades da USC 21
- 2.3 Actualizar a normativa de persoal 21
- 2.4 Reformular a cuantificación das actividades docentes, investigadoras e de xestión na xornada laboral..... 21
- 2.5 Desenvolver un programa de formación de persoal..... 21
- 2.6 Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal 21

3- POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE

- 3.1 Integrar os campus nas cidades..... 26
- 3.2 Potenciar o uso da lingua galega en todos os ámbitos 27
- 3.3 Avanzar na igualdade e na sustentabilidade ..27
- 3.4 Profundar na cultura da transparencia..... 28
- 3.5 Elaborar unha nova política de comunicación e de imaxe internacional 28
- 3.6 Impulsar o proxecto cultural da USC como un espazo de innovación e creación que sitúe a Universidade na vangarda 28
- 3.7 Dinamizar as relacións dos demais órganos da Universidade co Consello Social 29
- 3.8 Impulsar o sistema de xestión da seguridade da información e protección de datos30

4- SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA

- 4.1 Elaborar o plan estratéxico da USC para o período 2021-2030 36
- 4.2 Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado 36
- 4.3 Desenvolver e visibilizar os estudos de doutoramento 37
- 4.4 Adecuar a oferta das prazas nas titulacións ás necesidades sociais 37
- 4.5 Consolidar a oferta dos estudos propios 40
- 4.6 Promover os campus de especialización e novas estruturas de docencia e investigación 40
- 4.7 Elaborar un plan de captación e retención de talento investigador 41
- 4.8 Reforzar os servizos de apoio á docencia e á investigación 42
- 4.9 Mellorar a transferencia dos resultados de investigación 42

5- PROXECTAR A USC POLO MUNDO

- 5.1 Potenciar a mobilidade das persoas 48
- 5.2 Internacionalizar a oferta docente da USC 48
- 5.3 Potenciar a comunicación da USC cara ao exterior 49

6- XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE

- 6.1 Optimizar o uso das infraestruturas 54
- 6.2 Procurar unha maior suficiencia e xestión eficiente dos recursos económicos 54
- 6.3 Racionalizar a administración instrumental ... 55
- 6.4 Axilizar os procedementos de xestión e prestación de servizos 55
- 6.5 Sistematizar a normativa universitaria 56
- 6.6 Orientar a prestación de servizos das tecnoloxías da información á satisfacción das necesidades dos usuarios 57

7- APRENDER DA EXPERIENCIA DA COVID-19 PARA CONSEGUIR UNHA UNIVERSIDADE MÁIS SEGURA E FLEXIBLE

- 7.1 Perfeccionar as medidas de prevención sanitaria 62
- 7.2 Intensificar o proceso de transformación dixital 63
- 7.3 Facer máis flexible a organización académica de maneira que se poidan aproveitar ao máximo as ferramentas dixitais para complementar a docencia presencial 63
- 7.4 Promover a oferta de titulacións de mestrado a distancia e dirixidas preferentemente aos países de lingua española e portuguesa 65

ANEXO: IMPACTO ECONÓMICO DA COVID-19 NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





LIMIAR

O artigo 78, h dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela prevé como competencia do Claustro a deliberación sobre o informe anual do reitor.

Despois de varios anos sen que se presentase este informe, na primavera de 2019 recuperamos o cumprimento do mandato estatutario presentando o informe corresponde ao exercicio 2018.

Polo que atinxe ao informe de 2019, e a pesar de que estaba programado para ser presentado na primavera de 2020, o impacto da pandemia e o confinamento daqueles primeiros meses obrigounos a presentalo no outono dese ano 2020. Ese atraso nas datas de presentación así como o impacto da COVID 19 en toda a actividade universitaria leváronnos a incorporar nese informe as actividades desenvolvidas no ano 2019, e na primeira metade de 2020.

Foi por iso que no Claustro do 18 de marzo de 2021 non se incorporou o punto de informe da segunda metade do 2020, para acumulalo ao informe de 2021, que agora presentamos.

Cómpre, xa que logo, recuperar o ritmo ordinario dos informes de xestión, de xeito que presentamos agora o correspondente á segunda metade do 2020, así como ao exercicio de 2021. Desta forma, e tendo en conta ademais o adianto das eleccións a reitor a febreiro de 2022, podemos dicir que se pecha a xestión levada a cabo polo equipo reitoral que gobernou a USC dende xuño de 2018 ata febreiro de 2022.

Como xa ocorre no informe presentado en 2020, a súa estrutura relaciónase directamente coa programación plurianual 2019-2022, seguindo eses esquemas e dando así conta dos logros acadados así como das cuestións pendentes en cada un dos eixes, accións e liñas de actuación que a compoñen. O debate sobre o mesmo debe servirnos tamén para orientarmos as Liñas de Programación Plurianual 2023-2026, que resulte do novo programa do goberno saído das recentes eleccións de febreiro de 2022. Estas Liñas de Programación Plurianual, como é preceptivo, presentaranse xuntamente coas Liñas Xerais do Orzamento para 2023, ao plenario do Claustro que terá lugar no outono deste mesmo ano no que andamos.

ANTONIO LÓPEZ DÍAZ
Reitor



1

CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

“*O estudantado é a pedra angular da institución universitaria. O primeiro obxectivo da USC debe ser ofrecerlle unha formación científico-técnica e cívica de calidade e adaptada aos novos tempos.*”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS

	01/01/2019	01/04/2019	30/06/2019	28/09/2019	27/12/2019	26/03/2020
1.1 FOMENTAR A DIMENSIÓN INTEGRAL NA EDUCACIÓN						
1.1.1 Incorporación da competencia da ética profesional						
1.1.2 Integración dos conceptos relativos á propiedade intelectual no desenvolvemento dos TFG e TFM						
1.1.3 Deseño e desenvolvemento dun programa de orientación laboral para o alumnado do último curso de grao						
1.1.4 Institucionalización da aprendizaxe-servizo						
1.1.5 Cooperación cos concellos e deputacións						
1.2 ACTUALIZAR O MARCO NORMATIVO DO ESTUDANTADO						
1.2.1 Elaboración dun novo Estatuto do Estudantado que contemple a realidade actual da USC						
1.2.2 Recompilación da normativa de xestión académica e actualización da normativa do alumnado, en particular a de permanencia e avaliación						
1.2.3 Creación do Consello do Estudantado, segundo as directrices aprobadas no Estatuto do Estudantado (acción 2.1)						
1.2.4 Regulación da figura de delegados de curso (acción 2.1)						
1.3 ACHEGAR A ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA E OS SEUS SERVIZOS AO ESTUDANTADO						
1.3.1 Mellora, simplificación e automatización dos procesos no ámbito académico						
1.3.2 Adaptar de forma progresiva a oferta do CLM						
1.3.3 Incorporación de novas canles de comunicación co estudantado						
1.3.4 Integrada na acción 1.3.1, e complementada coas accións 6.4.2 e 6.4.4						
1.3.5 Procura dun calendario académico harmonizado, estable e adaptado aos distintos contextos, en colaboración coas outras universidades do SUG						
1.4 TRANSFORMAR O MODELO DE XESTIÓN DA CALIDADE						
1.4.1 Continuación do proceso de acreditación institucional de centros						
1.4.2 Impulso e mantemento das acreditacións internacionais, e en particular as de ámbito profesional						
1.4.3 Implementación dun programa interno de "benchmarking" para estender as boas prácticas en materia de calidade que están a desenvolver os centros da USC						
1.4.4 Racionalización dos procedementos e indicadores de seguimento máis acaídos ao proceso de mellora continua						
1.4.5 Incorporación do programa Docencia no rendemento docente do profesorado						
1.4.6 Análise dos resultados dos procesos de calidade						
1.4.7 Evolución da USC en cifras cara a un espazo "open data" cun mellor deseño e maior visibilización da información						
1.4.8 Creación dun observatorio de empregabilidade						




ACCIÓN
COMPLETADAS



ACCIÓN
EN PRAZO



ACCIÓN
NON
REALIZADAS



1.1 FOMENTAR A DIMENSIÓN INTEGRAL NA EDUCACIÓN

A promoción de **comportamento ético** no desempeño profesional fíxose mediante a formación específica do alumnado nas ferramentas antiplaxio e normativa sobre a protección de datos. Foron realizadas 32 accións formativas no ámbito do TFG na que participaron 2.541 estudantes; mentres que no ámbito do TFM foron 10 accións formativas ás que asistiron 157 alumnos.

Levouse a cabo a VI edición e iniciouse a actual VII convocatoria do proxecto **“Mentoring”**, que ten como obxectivo mellorar as posibilidades de acceso ao mundo laboral do estudantado, facilitándolle a posibilidade de establecer contacto con profesionais experimentados. Neste programa participaron un total de 160 estudantes canda un cadro de mentores de 98 que proceden de diferentes ámbitos e sectores produtivos. Ademais, a plataforma de [emprego da USC](#) consolidouse como un portal de difusión das ofertas de traballo, cun total de 788.

A consolidación de metodoloxías docentes innovadoras focalizouse coa V e VI Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa **Aprendizaxe-Servizo**, o Plan de Formación e Innovación Docente ou a convocatoria dos Premios de Aprendizaxe-Servizo. Desenvolvéronse, total ou parcialmente, 90 proxectos de innovación educativa, que contaron coa participación de 120 docentes. Ase-

made, desenvolveuse a II Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa en **MOOC** e de apoio das TIC á docencia na que se executaron total ou parcialmente 25 proxectos, cunha participación de 73 docentes.

Cómpre destacar a posta en marcha e realización de tres MOOC organizados pola Cátedra Institucional do Camiño e as Peregrinacións a través da plataforma Miriadax, que foi seguido por un total de 1.000 persoas de máis de 40 países.



32

CURSOS
ALUMNADO TFG

2.541 | Persoas formadas

10

CURSOS
ALUMNADO TFM

157 | Persoas formadas



FOTO Camiño de Santiago.



FOTO Estudantes participando no Claustro.

1.2 ACTUALIZAR O MARCO NORMATIVO DO ESTUDANTADO

Iniciouse a adaptación da normativa de alumnado ao regulado no [Real Decreto 822/2021](#), de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, entre outros aspectos, nos relativos aos programas de grao aberto, títulos propios, normativa de recoñecemento e transferencia de créditos.

Os **procedementos do ámbito académico** están todos eles automatizados. Os máis recentes xa se crearon a través da Sede Electrónica, afianzando deste xeito o criterio de que todas as relacións cos/as estudantes deben tender a ser electrónicas, sen prexuízo da atención presencial ou virtual que puntualmente poida requirirse.

A creación na nosa Universidade do **Consello do Estudantado**, no marco das directrices aprobadas no Estatuto do Estudantado, foi necesario adiala por mor da COVID, inicialmente ata a celebración das eleccións de representantes estudantís no Claustro na primeira metade de 2021 e posteriormente con motivo do adiamento das eleccións ao Claustro. Coa constitución do novo Claustro e a renovación da composición do Consello de Goberno e da representación do estudantado nas Xuntas de Centro, retomouse o proceso de constitución do Consello do Estudantado, que concluirá unha vez se proceda á elección dun representante dos/as estudantes en cada centro académico.

1.3 ACHEGAR A ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA E OS SEUS SERVIZOS AO ESTUDANTADO

A App da USC estase a consolidar como un dos mecanismo principais de comunicación co estudantado, cun total de descargas de 24.985 que supón un aumento notable fronte ás 5.000 que se tiña en xuño do 2020.

A USC segue á procura dun calendario académico harmonizado co resto de universidades do SUG, e coas do norte de Portugal para as titulacións conxuntas. Existe unha coordinación básica entre as universidades públicas galegas para a elaboración do calendario académico, que é completa no caso dos procesos de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento. Para facilitar esta coordinación, a nosa Universidade permite que os centros realicen adaptacións do calendario xeral no caso dos Mestrados interuniversitarios e tamén noutros estudos que presentan particularidades na súa programación. Aínda así, é necesario persistir na busca de fórmulas internas que faciliten a captación dos/as estudantes desde o momento no que perfilan a súa elección.

O **Centro de Linguas Modernas** recuperou a súa actividade normalizada logo do confinamento que se fixo tanxible coa celebración de 214 cursos nos que participou un total de 1.238 estudantes. As probas de competencia lingüística acolleron 2.379 persoas.

1.4 TRANSFORMAR O MODELO DE XESTIÓN DA CALIDADE

A Resolución do 26 de abril de 2021 do “Consejo de Universidades” outorga a acreditación institucional da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, co que xa son 8 o número de centros que a posúen, ou sexa, un terzo do total. Tamén tivo lugar a visita para a verificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) nos seguintes centros: Facultade de Química (01/12/21), Facultade de Dereito (02/12/21) e Facultade de Veterinaria (03/12/21). Cabe destacar que todos os centros teñen xa adaptados e actualizados os seus SGC ás últimas modificacións.

En canto á consolidación da acreditación internacional dos títulos cómpre sinalar:



FOTO App da USC.

- A renovación da acreditación europea da *European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE)*.
- Acto de entrega dos [selos EUR-ACE](#) aos títulos de Grao de Enxeñaría Civil, Enxeñaría Forestal e do Medio natural e Máster Universitario en Enxeñaría de Montes.

O 19/10/21 fíxose unha xornada para presentar as iniciativas de boas prácticas de calidade recoñecidas nos centros polas convocatorias de 2019 e 2020 que se adiara pola COVID-19. Na convocatoria de 2021 as iniciativas recoñecidas foron:

- Escola Técnica Superior de Enxeñaría: Foro de empresas.
- Facultade de Bioloxía: Protocolos propios do SGC da Facultade de Bioloxía.
- Facultade de Ciencias: Ciencia para novos investigadores.
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais: Protocolo de coordinación dos graos de Economía e ADE.
- Facultade de Ciencias da Comunicación: Deseño, difusión e xeración de informes derivados da

enquisa propia sobre o desenvolvemento e a satisfacción do alumnado co TFG do Grao en Comunicación Audiovisual e en Xornalismo.

- Facultade de Humanidades: Guía sobre a modalidade semipresencial para o alumnado da Facultade.
- Facultade de Medicina e Odontoloxía: Proba de avaliación de competencias clínicas obxectiva e estruturada-ACOE para o Grao en Medicina.
- Facultade de Xeografía e Historia: Cuestionarios, paneis e formularios para egresados/as.

Asinouse un acordo coas Universidades da Coruña e Vigo para homoxeneizar determinadas ferramentas de calidade, en concreto, as enquisas de satisfacción de grupos de interese e o panel de indicadores e informes, no que atinxe aos títulos interuniversitarios, especialmente de doutoramento e mestrado. No ámbito da mellora da información á comunidade universitaria presentouse no mes de maio ao Consello de Goberno e Consello Social o primeiro informe anual sobre calidade docente.



FOTO Acto de entrega dos selos de acreditación de calidade internacional EUR-ACE®.


2




COMPROMETERSE CO PERSOAL

“*O persoal da USC constitúe un dos seus activos esenciais e unha das súas principais fortalezas. Co fin de responder aos novos desafíos é preciso elaborarmos un plan de renovación do cadro de persoal de PDI e PAS e adoptar medidas de recoñecemento do seu esforzo que reafirmen a súa motivación e o compromiso coa institución.*”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS






ACCIÓN COMPLETADAS



ACCIÓN EN PRAZO



ACCIÓN NON REALIZADAS



2.1 DEFINIR UN PLAN DE PERSOAL (PDI E PAS)

Vertebrar as actuacións precisas para garantir unha axeitada renovación xeracional segue a ser un obxectivo chave na preparación da USC para o futuro.

A gráfica reflicte unha evolución no aumento das prazas de PDI, no curso 2021-22 atinxiuse practicamente o triplo con respecto ao curso 2018-19. A aposta pola figura do axudante doutor obsérvase na evolución desde os 16 do curso 2018-19 a 61 no curso 2021-22. Os datos do curso 2021-22 corresponden á oferta da OPE 2021.

A situación do cadro de persoal, por categorías, idade e xénero do profesorado permanente da USC (PCD, TU, CU) a 31 de decembro de 2021 vese reflectida na infografía anexa. Na categoría de TU están incluídos tamén os titulares de escola universitaria e os catedráticos de escola universitaria. O total de efectivos ascende a 1 374, cunha media de idade global de 56,5 anos. A distribución por xénero é practicamente paritaria nas categorías de TU e PCD, mentres que nas cátedras a porcentaxe de mulleres subiu a un 29 %, case que 5 puntos porcentuais máis nun ano. Datos moi positivos que tamén se fortalecen ao considerar a porcentaxe de mulleres na categoría de axudantes doutores, pois o valor é dun 55 %.

A evolución das OPE do PAS tamén se indica no gráfico anexo, mantense a tendencia de configurar un número de prazas que permiten seguir coa estratexia do relevo xeracional.



FOTO Acto de sinatura do novo marco laboral.

SITUACIÓN DOS PDI




GRÁFICO Radiografía da situación dos PDI a 30/06/2020.

CAPTACIÓN E PROMOCIÓN DO PDI




GRÁFICO Evolución da captación e promoción do PDI.

CAPTACIÓN E PROMOCIÓN DO PAS




GRÁFICO Evolución da captación e promoción do PAS.

2.2 ADAPTAR AS ESTRUTURAS DE ORDENACIÓN DO PERSOAL ÁS NECESIDADES DA USC

O persoal investigador e de apoio á investigación conta dende o 30 de xullo de 2021 cun [novo marco laboral](#) en materia de clasificación profesional e condicións retributivas logo do acordo asinado coa representación sindical, nomeadamente CCOO, CIG e UXT. Este acordo sitúa a USC como pioneira na regulación deste persoal no camiño da estruturación e consolidación da carreira investigadora. Este acordo materializouse coa publicación no [DOG nº 237 do 24/11/2020](#) da Resolución de 30 de outubro de 2020, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, do acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da USC.

Derivado desta actuación, o 24/11/2021 asinouse un [acordo para o recoñecemento da antigüidade ao persoal](#) con contratos predoutorais e posdoutorais así como ao de Proxectos do capítulo VI (persoal contratado con cargo a proxectos de investigación).

2.3 ACTUALIZAR A NORMATIVA DE PERSOAL

No apartado de regulamentos, os actualizados neste período e aplicados a partir do curso 2020-21 foron:

- [Regulamento para cambio de adscrición de prazas de profesorado entre os campus da USC.](#)
- [Regulamento sobre cambio de adscrición a área de coñecemento do profesorado con vinculación permanente da USC.](#)

2.4 REFORMULAR A CUANTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES DOCENTES, INVESTIGADORAS E DE XESTIÓN NA XORNADA LABORAL

A definición dos **novos criterios que deben permitir mellorar a valoración das actividades docentes, investigadoras e de xestión** completouse co

cálculo para as necesidades das áreas co obxectivo de garantir un mínimo coñecemento das actividades que foi reflectido no PAA do curso 2020-21 e 2021-22.

2.5 DESENVOLVER UN PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PERSOAL

Neste período realizáronse 50 cursos de formación interna para o PAS, nos que participaron 1127 persoas (2271 se contamos asistentes a cursos, pois unha persoa pode acudir a máis dunha acción formativa). En canto á formación externa, 15 persoas realizaron esta formación, que se desenvolveu para 4 actividades formativas.

2.6 FOMENTAR A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL

No [DOG nº 118 do 23/06/21](#) publicouse a [Resolución de 14 de xuño de 2021](#) do acordo de 28 de maio de 2021, do Consello de Goberno, polo que se aproba o acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo no ámbito do persoal de administración e servizos. Na primeira convocatoria (29/10/2021) presentáronse 157 solicitudes das que o 55 % foron autorizadas.



FOTO Sesión de teletraballo na USC.



POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE



Cómpre impulsar accións e estratexias para consolidar a imaxe da Universidade de Santiago de Compostela na sociedade e para convertela nun símbolo de coñecemento, cultura e innovación, como motor da sociedade galega e como referente de calidade internacional nun mundo globalizado.

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS

	01/01/2019	01/04/2019	30/06/2019	28/09/2019	27/12/2019	26/03/2020
3.1 INTEGRAR OS CAMPUS NAS CIDADES						
3.1.1 Colaboración cos Concellos de Lugo e Santiago						
3.1.2 Desenvolvemento do planeamento urbanístico						
3.1.3 Análise da situación dos campus e dos resultados dos convenios de colaboración asinados cos concellos						
3.1.4 Creación dun <i>hub</i>						
3.1.5 Promoción das cátedras institucionais						
3.1.6 Creación dun observatorio CTEM						
3.1.7 Posta en marcha dun programa de educación patrimonial						
3.2 POTENCIAR O USO DA LINGUA GALEGA EN TODOS OS ÁMBITOS						
3.2.1 Elaboración, posta en marcha e avaliación dun novo plan de normalización lingüística						
3.2.2 Elaboración dun novo regulamento de usos lingüísticos universitarios						
3.2.3 Fomento do papel da CNL do Claustro						
3.2.4 Participación na Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística						
3.2.5 Fomento do coñecemento, uso e prestixio da lingua galega na sociedade						
3.2.6 Sensibilización da opinión pública sobre o valor e a importancia do patrimonio lingüístico de Galicia						
3.3 AVANZAR NA IGUALDADE E NA SUSTENTABILIDADE						
3.3.1 Inclusión en todas as políticas, unidades, servizos e programas da Universidade dos valores da inclusión						
3.3.2 Elaboración do novo Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidade entre Mulleres e Homes						
3.3.3 Elaboración dun Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS)						
3.3.4 Impulso dunha política de plásticos 0						
3.3.5 USClima. Elaboración dun plan de acción polo clima						
3.3.6 USC saudable e xusta						
3.3.7 Campus Sustentables						
3.3.8 Avaliación mediante estudos de publico						
3.4 PROFUNDAR NA CULTURA DA TRANSPARENCIA						
3.4.1 Revisión da presentación da información na páxina web						
3.4.2 Creación da figura de responsable de accesibilidade á información						
3.4.3 Adaptación da publicación de actos á lexislación de protección de datos						
3.5 ELABORAR UNHA NOVA POLÍTICA DE COMUNICACIÓN E DE IMAXE INTERNACIONAL						
3.5.1 Elaboración dun plan de comunicación						
3.5.2 Creación dunha app institucional						
3.5.3 Renovación do modelo da páxina web						
3.5.4 Elaboración dun novo manual de imaxe corporativa						
3.5.5 Racionalización das canles de comunicación internas e externas						
3.6 IMPULSAR O PROXECTO CULTURAL DA USC COMO UN ESPAZO DE INNOVACIÓN E CREACIÓN QUE SITÚE A UNIVERSIDADE NA VANGARDA						
3.6.1 Oferta á comunidade universitaria dun amplo programa pedagóxico						
3.6.2 Desenvolvemento dun programa de axudas a proxectos para agrupacións de teatro e danza						
3.6.3 Desenvolvemento dun programa de difusión pública das actividades						
3.6.4 Posta en marcha e desenvolvemento dun plan de difusión e posta en valor do patrimonio histórico-artístico da USC						
3.7 DINAMIZAR AS RELACIÓNS DOS DE MAIS ÓRGANOS DA UNIVERSIDADE CO CONSELLO SOCIAL						
3.7.1 Presentación e debate no Consello Social das accións						
3.7.2 Dinamización da colaboración cos axentes integrantes do Consello Social						
3.8 IMPULSAR O SISTEMA DE XESTIÓN DA SEGURIDADE DA INFORMACIÓN E DE PROTECCIÓN DE DATOS						
3.8.1 Creación da Área de Seguridade da Información						
3.8.2 Deseño e implantación dun Sistema de Xestión da Seguridade da Información						
3.8.3 Desenvolvemento, aprobación e execución dun plan de tratamento do risco						
3.8.4 Elaboración dun plan de formación e concienciación						
3.8.5 Colaboración na formación do estudiantado da USC						
3.8.6 Realización de auditorías externas de verificación						
3.8.7 Rexistro, coordinación, realización e auditoría das actividades relacionadas coa protección de datos						
3.8.8 Establecemento de protocolos para novos tratamentos e para a coordinación co Delegado de Protección de datos						
3.8.9 Elaboración de modelos-tipo						




ACCIÓNS
COMPLETADAS



ACCIÓNS
EN PRAZO



ACCIÓNS NON
REALIZADAS



— PRAZO INICIAL

..... PRAZO AMPLIADO

..... COMPLETADO ANTES DE PRAZO

3.1 INTEGRAR OS CAMPUS NAS CIDADES

Algunhas das actividades realizadas entre a USC e os concellos que nos acubillan foron:

- Programa de actividades baixo a denominación “Aterrancampusterra” que permitiron á mocidade coñecer as actividades, servizos e espazos que ofrece tanto a cidade de Lugo como o propio Campus de Lugo. [\[07/09/21\]](#)
- Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a USC para garantir o dereito á saúde no eido bucodental daquelas prestacións non cubertas pola Seguridade Social entre persoas en risco de exclusión social. [\[05/11/21\]](#)
- Apertura das rúas Elisa e Jimena Fernández de la Vega no Campus Vida da USC no marco da creación da Cidade da Saúde [\[30/11/21\]](#)
- Acordo de colaboración entre a USC, Deputación da Coruña, Concello de Santiago e Xunta para renovar as pistas de atletismo [\[23/12/21\]](#)

[A USC asinou coa Deputación de Lugo](#) un convenio de colaboración para a actualización, análise, mantemento e mellora da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais da provincia de Lugo. Asemade, coa Deputación de Pontevedra, e no marco da Cátedra Iberoamericana, asinouse un convenio co proxecto

‘[Pontevedra en América: unha mirada en feminino](#)’ no que se rescatou a experiencia e a mirada feminina da emigración.

As cátedras que se crearon ou renovaron foron:

- Novas cátedras creadas: [Neurorradioloxía Intervencionista](#) patrocinada pola empresa Balt Spain, Cátedra de RTVE sobre [medios de servizo público](#) en Europa, [Implantoloxía Avanzada Galimplant](#), Cátedra de [Transición Enerxética Genesal Energy](#)
- Cátedras renovadas: Cátedra de Empresa Familiar.

Cómpre destacar o proxecto “[Higea](#)” posto en marcha en decembro do 2020 pola Cátedra de Cronicidade para facilitar o contacto dos pacientes hospitalizados por COVID-19 coa súa familia. No 2021 foi recoñecido co primeiro premio Afectivo-Efectivo outorgado por Janssen Pharmaceutical Companies of Johnson & Johnson. “Higea” foi galardoado no apartado de ‘Acción de formación, transformación, información ou sensibilización ao redor da saúde desenvolvida dende o ámbito universitario’. O proxecto conta coa axuda de máis de 20 voluntarios rexistrados no Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC, todos eles estudantes das Facultades de Medicina e Odontoloxía e da Facultade de Enfermaría.



FOTO Consulta de Odontoloxía.



FOTO Acto de Presentación da Cátedra de Neurorradioloxía Intervencionista.



FOTO Nos seus primeiros sete meses, 'Higea' puxo en contacto a familias e persoas enfermas ata en 900 ocasións.

3.2 POTENCIAR O USO DA LINGUA GALEGA EN TODOS OS ÁMBITOS

O elemento máis salientable foi a aprobación polo Claustro do [Plan de Accións de Normalización Lingüística 2020-22](#) na súa reunión do 2 de decembro de 2020. O Plan consta de 22 accións distribuídas en tres eixes de actuación relacionados coa Xestión, Docencia e Investigación.

[O estado do uso de galego na docencia](#) ao 31/12/21 reflectiu que se imparte aproximadamente unha de cada catro horas. Ao debullar os datos por graos e mestrados, a situación foi dun 23,4% e 33,8%, respectivamente. Nos últimos tres anos existe unha lixeira tendencia ascendente, mais atópase lonxe dos valores a atinxir.




GRÁFICO Valores do uso do galego na docencia de graos e mestrados.

Outros fitos que cómpre destacar foron:

- O impulso da colección [ESENCIAIS](#) no que hai dispoñible 40 documentos para achegar o galego á docencia.
- [O Día das Letras Galegas do 2021 dedicado a Xela Arias Castaño](#), no que se presentou o libro “*Xela Arias. A literatura e a vida, por elección*”, editado polo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.
- A celebración no Campus de Lugo do acto do [IV Premio Luís Porteiro Garea ao profesor Antonio Rigueiro Rodríguez](#) do Departamento de Produción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría.

3.3 AVANZAR NA IGUALDADE E NA SUSTENTABILIDADE

No [Consello de Goberno do 28/05/21](#) aprobouse o [III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes](#) na USC (2021-2024). O Plan contén 9 obxectivos xerais, 21 específicos e 85 accións nas seguintes áreas:

- Área 1. Cultura institucional.
- Área 2. Docencia, investigación e transferencia.
- Área 3. Presenza, promoción e representación.
- Área 4. Conciliación responsable.
- Área 5. Acoso e violencia de xénero.
- Área 6. Condicións sociosanitarias no traballo.



FOTO Acto do Día das Letras galegas dedicado a Xela Arias.



FOTO Antonio Rigueiro amosa o premio Luís Porteiro Garea, na cerimonia celebrada na EPS de Enxeñaría.

No plano da Sustentabilidade, algunhas das accións que se deben destacar son:

- Sistematización na recollida e reutilización de aparellos eléctricos e electrónicos (incluído o equipamento informático), que permitiu sanear tanto os almacéns centrais como os depósitos de cada centro. Puidéronse xestionar unhas 25 toneladas
- [Optimización enerxética](#) que leva a unha maior ecoeficiencia e redución das emisións de CO₂ nas edificacións e nas infraestruturas. As intervencións beneficiaron a Residencia Universitaria Burgo das Nacións, a Piscina da USC, a Facultade de Psicoloxía e a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais en Santiago de Compostela, xunto ao Edificio Intercentros de Lugo,
- [Acondicionamento da rúa](#) Doutor Ángel Jorge Echeverri e da Praza do Seminario de Estudos Galegos reducindo o número de prazas de aparcamento e liberando unha das beirarrúas.
- Comezo dos traballos para a elaboración dun novo [Plan de Desenvolvemento Sustentable](#).

3.4 PROFUNDAR NA CULTURA DA TRANSPARENCIA

Todas as peticións en materia de transparencia e de accesibilidade web, en aplicación da Instrución de Secretaría Xeral 3/2019, do 4 de decembro, realízanse na Sede Electrónica, na que os e as cidadáns teñen á disposición os procedementos para formalizaren estas solicitudes, cuxa resposta está encomenda-

da á Secretaría Xeral. Polo que se refire ao Portal de Transparencia, enténdense prioritarias a súa integración na nova páxina web e a progresiva mellora da presentación dos contidos no mesmo.

3.5 ELABORAR UNHA NOVA POLÍTICA DE COMUNICACIÓN E DE IMAXE INTERNACIONAL

A segunda fase de implantación da web xa rematou (afectaba a centros, departamentos e títulos) co que xa existe unha harmonización e actualización dos contidos e deseño. No último trimestre do 2021 comezouse coa terceira fase que afecta aos servizos e finalmente eliminaranse os contidos no formato antigo. Asemade, tal e como xa se sinalou, a app institucional estase a converter no mecanismo principal de comunicación co estudantado, pois xa se superaron as 24.000 descargas.

3.6 IMPULSAR O PROXECTO CULTURAL DA USC COMO UN ESPAZO DE INNOVACIÓN E CREACIÓN QUE SITÚE A UNIVERSIDADE NA VANGARDA

O elemento esencial foi a posta en marcha do [Museo Virtual](#) logo de cinco anos de traballo e que [alberga preto de mil bens inventariados](#) aos que xa se pode acceder de balde. O apartado da páxina web denominado 'Coleccións' recolle unha selección de cen pezas



FOTO O Plan de Igualdade nace como froito dun amplo consenso participativo e do compromiso de inclusión dos colectivos da comunidade universitaria.



FOTO Museo Virtual da USC.

singulares reunidas nos bloques ‘Contemporánea’, ‘Espazos’, ‘Retratos’ e ‘Vitores’. Mediante a epígrafe ‘Itinerarios’ pódense visitar conxuntos de bens agrupados segundo algunha relación temática que poderá ir variando co tempo. No apartado ‘Localización’ contéñense as pezas segundo a súa situación por edificios da Universidade. Finalmente, o apartado ‘Explora’ é unha ferramenta de busca que permite acceder á totalidade dos bens, realizando por título, autoría, data ou localización.

[Sen pretender facer unha relación exhaustiva das exposicións realizadas, a continuación sinálanse algunhas delas:](#)

- [“Dona Emilia e Compostela”](#) en colaboración co Ateneo de Santiago.
- [“Corpos presentes”](#) en colaboración coa Fundación María José Jove.
- [“Dez anos en Daca”](#) no marco da Cátedra Inditex.
- [“A Minerva Compostelá. As súas glorias”](#).
- [“Astrónomas”](#) coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía do Ministerio de Ciencia e Innovación, e patrocinado pola Sociedade Española de Astronomía.

3.7 DINAMIZAR AS RELACIÓNS DOS DEMAIS ÓRGANOS DA UNIVERSIDADE CO CONSELLO SOCIAL

Tras a aprobación da proposta correspondente polo Consello de Goberno, na sesión do Pleno do Consello Social do 22 de xaneiro de 2021 ratificouse o Regulamento de Xestión Orzamentaria. Na sesión plenaria do 12 de marzo de 2021 presentouse o Observatorio de Empregabilidade da USC e nomeáronse os membros do Consello Social que forman parte del. Tamén se someteu a actualización o Plan de Actividades do Consello Social para o ano 2021. Na sesión do 7 de maio de 2021 modificáronse as bases da convocatoria de axudas a actividades susceptibles de seren financiadas polo Consello Social e tamén se presentaron os traballos da Memoria de Sustentabilidade da USC. Na mesma sesión aprobouse a actualización da Programación Plurianual 2019-2022 e os Orzamentos da USC do ano 2021. En relación coa Conta Anual da USC, presentouse o informe de auditoría das contas anuais da USC e das entidades dependentes dela e aprobáronse as contas correspondentes na sesión do 30 de xuño de 2021. Cómpre destacar tamén que o 22 de decembro de 2021

analizáronse no Pleno as suxestións ao Plan de Actuacións do Consello Social para o ano 2022 e aprobouse o [Regulamento de Xestión Patrimonial](#) da USC, publicado no DOG o 23 de febreiro.

Por outra parte, co ánimo de dinamizar a colaboración cos axentes integrantes do Consello Social, na sesión plenaria do día 12 de marzo de 2021, déuselle luz verde ás bases para levar a cabo o Recoñecemento á Traxectoria Profesional de persoas que cursaron os seus estudos na nosa Universidade. Tamén se aprobaron as bases do premio Humanitas, modificadas na sesión do 7 de maio, e en cuxo xurado tivo participación o goberno da USC.

3.8 IMPULSAR O SISTEMA DE XESTIÓN DA SEGURIDADE DA INFORMACIÓN E PROTECCIÓN DE DATOS

En materia de **Seguridade da Información** séguese traballando na implantación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS) co obxectivo de acadar a certificación de diversos sistemas no ano 2022. A este respecto, desenvolvéronse todos os procedementos de seguridade e, relacionado coa ciberseguridade, fíxose unha primeira análise de riscos e implantáronse medidas correctivas.



FOTO Edificio do Consello Social.

O **proyecto de implantación do ENS na USC** contemplaba os seguintes traballos para 2021: implantación das normativas e procedementos de seguridade aprobados en 2020, auditoría interna – non de certificación – levada a cabo por un auditor externo e Plan de acción e mellora para resolver as carencias detectadas. A auditoría considerou algunhas non conformidades, que na súa maioría xa foron corrixiadas en 2021. Quedan pendentes para 2022 as cuestións relativas á xestión de identidade e á realización de probas de penetración e análise de vulnerabilidades para determinadas aplicacións informáticas.

No plano da **formación e a concienciación**, debe destacarse que ata o momento realizáronse diversas accións. As primeiras dirixíronse á alta dirección e aos responsables de seguridade e as seguintes á comunidade




FOTO Instalacións da ATIC.

universitaria, adaptadas ás circunstancias da COVID. Seguindo o plan previsto para 2021, o pasado ano lanzáronse as iniciativas e accións que se indican a continuación, co obxecto de proporcionar á comunidade universitaria pautas de comportamento en seguridade.

Web de formación en seguridade da información, [nacida coa vocación de ser o portal de referencia en seguridade da información, na que se recolle todo o material formativo elaborado.](#)

Accións formativas:

- [Simulación dun ataque de suplantación para roubo de credenciais, que nos permitiu coñecer o nivel de vulnerabilidade ante un ataque real, comprobando a resposta do persoal.](#)
- [Cautela no uso do correo electrónico. Coa experiencia da primeira acción elaborouse un catálogo de medidas para evitar caer en ataques de suplantación de identidade ou fraude.](#)
- [Seguridade no posto de traballo. Realizouse un compendio de boas prácticas de seguridade no posto de traballo.](#)
- [Fendas de seguridade. Tratábase de aprendermos a identificar as fendas de seguridade e de sabermos como proceder cando se detectan.](#)
- [Traballo con móbiles e portátiles. Normas de seguridade para o traballo fóra da oficina.](#)
- Cursos de formación. Implantación de procedementos do Esquema Nacional de Seguridade na USC, co obxecto de darmos a coñecer o seu contido aos colectivos máis afectados:
 - Persoal administrativo: 2 cursos, 83 persoas (códigos 21FOS059 e 21FOS060)
 - Persoal informático: 2 cursos, 64 persoas (códigos 21FOS061 e 21FOS062)

No eido da protección de datos persoais, dadas as circunstancias derivadas da COVID-19, os esforzos centráronse fundamentalmente en tratar de conseguir que o traballo remoto fose seguro e, en particular, que a docencia e as avaliacións se desenvolvesen con pleno respecto á protección de datos. Para estes efectos, ditáronse diferentes normas ao longo desta crise sanitaria. Concretamente, no período comprendido

entre decembro de 2020 e decembro de 2021 aprobáronse as seguintes:

- [Resolución Reitoral do 1 de setembro de 2021 pola que se dispoñen medidas fronte á covid-19 para o inicio do curso 2021-2022](#)
- Resolución Reitoral do 29 de outubro de 2021 pola que se modifican as medidas fronte á COVID-19 para o curso 2021-2022
- [Instrución 2/2021 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para o uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2021/2022](#)

No plano da formación en **protección de datos**, os esforzos centráronse, no caso do PDI, na impartición de cursos a través do PFID e, no do PAS, na realización de varias edicións dun taller en materia de protección de datos, destinado inicialmente ao persoal dos centros, coa previsión de ampliálo posteriormente a outros colectivos dada a súa gran demanda. Tamén se elaboraron novos modelos de cláusulas informativas nesta materia, avisos legais, de privacidade, de contratos de encargado de tratamento, fichas de declaración de tratamentos, etc.

Así mesmo aprobouse un protocolo para a revisión e autorización de difusión de enquisas mediante a [Resolución Reitoral pola que se establece o procedemento de autorización de remisión de enquisas a membros da Comunidade Universitaria.](#)

En relación coa **acesibilidade web**, a finais de outubro de 2021 emitíuse o informe preceptivo e enviouse ao Observatorio de Accesibilidade. Nel destácase que o deseño do novo modelo do sitio web da USC cumpre co estándar WCAG 2.0 (Web Content Accessibility Guidelines) con nivel AA, que é o recomendado polo World Wide Web Consortium (W3C), consorcio internacional que establece os estándares para o crecemento a longo prazo do web global e a súa accesibilidade universal. Ademais da reformulación estética do web da USC que poden apreciar os usuarios, produciuse un cambio no xestor de contidos do web (migración de OpenCms a Drupal 9). O novo xestor amosa un maior compromiso coa accesibilidade, o que permite crear sitios web aos que poderán acceder as persoas con discapacidades. A día de hoxe aínda se está a traballar na reforma do web da USC e agárdase que neste ano estea plenamente operativo.

4



SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA

“
O avance do coñecemento e a súa
contribución ao desenvolvemento
da sociedade está no ADN da USC.
A nosa oferta académica debe
estar en plena consonancia coas
demandas e necesidades da sociedade.
As estruturas de investigación
deberán dar resposta aos retos da
multidisciplinaridade, potenciando a
fortaleza das cinco Grandes Áreas.

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS

	01/01/2019	01/04/2019	30/06/2019	28/09/2019
4.1 ELABORAR O PLAN ESTRATÉXICO DA USC PARA O PERÍODO 2021-2030				
4.1.1 Mapeado da carga de xestión nos diferentes centros				
4.1.2 Mapeado do desempeño docente vs. produción investigadora en cada unha das áreas				
4.1.3 Estudo dos efectos da implantación do Plan Boloña no estudantado				
4.1.4 Elaboración do Plan Estratéxico				
4.1.5 Análise e definición da demanda das competencias que os novos retos da sociedade requirirán dos futuros profesionais				
4.2 REDEFINIR A OFERTA DE TITULACIÓNS DE GRAO E MESTRADO				
4.2.1 Análise da oferta actual de titulacóns de grao e mestrado				
4.2.2 Análise de demanda e viabilidade de impartir títulos semipresenciais ou non presenciais				
4.2.3 Definición dun mapa estratéxico de titulacóns				
4.2.4 Valoración da posible implantación de graos e mestrados duais				
4.2.5 Incorporación á oferta de titulacóns da USC de dobres títulos de grao e/ou mestrado				
4.2.6 Potenciación das colaboracións e sinerxías entre titulacóns				
4.2.7 Deseño dun módulo de prácticas en empresas				
4.3 DESENVOLVER E VISIBILIZAR OS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO				
4.3.1 Racionalización da oferta dos estudos de doutoramento				
4.3.2 Mellora da accesibilidade da información relativa ao doutoramento				
4.3.3 Elaboración dun plan de captación de alumnado nacional e internacional				
4.3.4 Asinamento de convenios de colaboración con universidades estranxeiras				
4.3.5 Reestruturación organizativa das Escolas de Doutoramento				
4.3.6 Participación na definición dunha estratexia unificada dentro do SUG				
4.3.7 Elaboración dun mapa das capacidades formativas e tecnolóxicas da USC				
4.3.8 Revisión da normativa do doutoramento				
4.3.9 Adaptación do calendario da matrícula de doutoramento				
4.3.10 Elaboración dun modelo de informe de seguimento específico para o doutoramento				
4.4 ADECUAR A OFERTA DE PRAZAS NAS TITULACIÓNS ÁS NECESIDADES SOCIAIS				
4.4.1 Análise e deseño da oferta de prazas				
4.4.2 Difusión de títulos do Campus de Lugo				
4.5 CONSOLIDAR A OFERTA DOS ESTUDOS PROPIOS				
4.5.1 Revisión do Regulamento de Estudos Propios da Universidade				
4.5.2 Difusión dos estudos propios e de formación continua				
4.5.3 Focalización do control de calidade realizado pola Comisión de Estudos Propios				
4.5.4 Apoio aos mestrado e cursos de especialización xa consolidados				
4.5.5 Procura da internacionalización do alumnado e de edicións no estranxeiro de cursos propios da USC				
4.5.6 Axilización da tramitación de propostas de novos cursos				
4.5.7 Articulación e posta en marcha dun programa flexible de formación a demanda de entidades externas á USC				
4.5.8 Promoción desde CEP e IV Ciclo de cursos breves				
4.6 PROMOVER OS CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN E NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN				
4.6.1 Elaboración de novos Plans Estratéxicos dos campus de especialización (Campus Vida, Campus Terra, Campus da Cidadanía)				
4.6.2 Promoción de estruturas interuniversitarias				
4.6.3 Apoio aos Centros Singulares de Investigación				
4.6.4 Impulso a novas unidades de excelencia en investigación				
4.6.5 Implantación dun novo CRIS (Current Research Information System)				
4.6.6 Definición e regulación, de ser o caso, das distintas estruturas de investigación				
4.6.7 Reorganización dos centros propios de investigación				
4.7 ELABORAR UN PLAN DE CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO INVESTIGADOR				
4.7.1 Incorporación de persoal investigador con perfil competitivo				
4.7.2 Incentivación á incorporación de novos perfís científicos críticos en áreas de I+D				
4.7.3 Definición de políticas de acompañamento ao persoal investigador				
4.7.4 Análise e monitorización pormenorizada da estrutura de PDI				
4.7.5 Plan de captación de PDI (incluído nas accións 2.1.1, 2.1.2, 4.7.1 e 4.7.2)				
4.8 REFORZAR OS SERVIZOS DE APOIO Á DOCENCIA E Á INVESTIGACIÓN				
4.8.1 Actualización do mapa de infraestruturas e servizos de apoio á investigación				
4.8.2 Desenvolvemento de novos servizos de apoio á investigación nas áreas de ciencias sociais e humanidades				
4.8.3 Mellora da competitividade e do marco organizativo das plataformas tecnolóxicas				
4.8.4 Desenvolver a oferta de servizos do CEBEGA				
4.8.5 Desenvolvemento e optimización dos servizos web da Vicerreitoría de Investigación				
4.8.6 Elaboración, aprobación e implementación da nova estrutura organizativa da BUSC				
4.8.7 Establecemento da Política de Acceso Aberto na USC				
4.8.8 Valoración, adquisición e implantación de novos sistemas de xestión integrada da BUSC e AHUS				
4.9 MELLORAR A TRANSFERENCIA DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN				
4.9.1 Reforzamento do programa "Acelerador de Transferencia"				
4.9.2 Integración e harmonización das accións orientadas á creación de empresas de base tecnolóxica e emprendemento				
4.9.3 Apostar pola incubación de empresas nos sectores agroalimentario e biotecnolóxico				
4.9.4 Programa de intensificación da transferencia en CCSS e HH				
4.9.5 Introducción de accións de innovación na Granxa Experimental Gaioso Castro e na Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA)				




ACCIÓN COMPLETADAS



ACCIÓN EN PRAZO



ACCIÓN NON REALIZADAS



PRAZO INICIAL
 PRAZO AMPLIADO
 COMPLETADO ANTES DE PRAZO

4.1 ELABORAR O PLAN ESTRATÉXICO DA USC PARA O PERÍODO 2021-2030

Tiveron lugar diversas reunións co Colexio de Decanas e cos Directores de Departamento para actualizar a Misión e Visión da USC, así como realizar unha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) preliminar de diferentes aspectos relacionados coa xestión, docencia e a investigación. Debido ao adianto electoral tomouse a decisión de adiar a súa elaboración.

4.2 REDEFINIR A OFERTA DE TITULACIÓNS DE GRAO E MESTRADO

Análise de estado dos graos que se ofertan en Galicia por cada gran área (ver gráfico) para termos un diagnóstico das fortalezas e debilidades da USC no marco do SUG.

A oferta de titulacións de grao e mestrado é unha actividade dinámica, pois cómpre unir as capacidades propias e as necesidades da sociedade. Así, no 2021

traballouse nas memorias e verificación dos seguintes títulos para a súa implantación no curso 2022-23:

- [Grao en Intelixencia Artificial](#) (interuniversitario).
- Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras.
- Mestrado en Intelixencia Artificial (interuniversitario).
- Mestrado de Goberno Local e Políticas Públicas Innovadoras.

En relación coas prácticas académicas, no ano 2021 centráronse os esforzos na consecución dun módulo para a xestión de prácticas, a través dun grupo de traballo constituído para o efecto. Para mellorar a súa xestión, tamén se redefiniron algúns dos acordos institucionais, como é o caso da unificación de todas as prácticas externas do SERGAS. A nosa Universidade está traballando na identificación dunha aplicación para a súa xestión. Polo que se refire ao módulo de títulos propios, está rematando a súa implantación en Xescampus

TIULACIÓNS DE GRAO NO SUG *non inclúe os dobres graos*

■ =1 ■ USC ■ UVigo ■ UdC



GRÁFICO Titulacións de Grao no SUG.

4.3 DESENVOLVER E VISIBILIZAR OS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

Respecto da xestión dos estudos de doutoramento, elaboráronse diversas normas para adaptar a situación da investigación ao período de pandemia. É o caso da Resolución Reitoral do 04/12/2020 sobre a posibilidade de petición dunha prórroga extraordinaria derivada da situación sanitaria no curso 2020-2021 e da Resolución Reitoral do 12/06/2020 pola que se establecen medidas no ámbito da tutela académica do alumnado de doutoramento e a posibilidade de solicitar unha prórroga especial como consecuencia da COVID-19.

Comezouse a publicar o [Boletín nEDIUS](#), boletín de carácter electrónico como principal canle de comunicación que, dende a Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS), se puxo en marcha co obxectivo principal de recoller toda a información sobre actividades académicas e formativas, procedementos de xestión e

outros asuntos de interese para os estudos de doutoramento na USC. A publicación de nEDIUS forma parte dun conxunto de accións estratéxicas para a nosa universidade encamiñadas a fortalecer e visibilizar os estudos de doutoramento, nomeadamente nunha liña de actuación relativa á mellora da accesibilidade da información.

4.4 ADECUAR A OFERTA DAS PRAZAS NAS TITULACIÓNS ÁS NECESIDADES SOCIAIS

Á hora de definir a oferta do número de prazas que se solicita anualmente á Secretaría Xeral de Universidades tense en conta a petición dos Centros como a análise da demanda das titulacións. Os dous aspectos conxúganse coas capacidades e recursos dispoñibles.



FOTO O Grao en Intelixencia Artificial podería impartirse a partir do curso 22-23.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Notas de corte no curso 2021-22

Titulacións	Prazas ofertadas	Cob. Matrícula	Nota corte	Evolución da nota
Aberto SUSC Enxeñarías	10	70%	5.78	
Adm. e Dirección de Empresas	200	103%	8.814	
Adm. e Dirección de Empresas (S)	70	96%	6.72	
Biología	100	103%	10.922	
Bioquímica	45	109%	11.5	
Bioteecnoloxía	50	112%	12.682	
Ciencia Política e da Administración	125	98%	6.345	
Xestión Cultural - Presencial	25	52%	5.194	
Xestión Cultural - Semipresencial	20	140%	7.6	
Comunicación Audiovisual	50	108%	11.1	
Criminoloxía	50	112%	10.42	
Dereito	170	112%	9.88	
Economía	150	108%	8.6	
Educación Social	70	110%	9.27	
Empresa e Tecnoloxía - Presencial	35	120%	6.75	
Empresa e Tecnoloxía - Semipresencial	10	110%	7.502	
Enfermaría (S)	150	105%	11.89	
Enfermaría (L)	70	100%	11.26	
Enx. Agrícola e Agroalimentaria	45	40%	6.07	
Enxeñaría Civil	45	40%	5.9	
Enx. Procesos Químicos Industriais	45	76%	5.4	
Enx. Forestal e do Medio Natural	45	40%	6.522	
Enxeñaría Informática	66	112%	12.104	
Enxeñaría Química	60	114%	10.29	
Farmacía	195	100%	10.938	
Filoloxía Clásica	50	54%	7.75	
Filosofía	65	108%	7.726	
Física	90	106%	12.338	
Historia	100	108%	9.43	
Historia da Arte	85	104%	8.694	
Dobre Grao Mestre en Infantil e Primaria	16	119%	12.708	

Titulacións	Prazas ofertadas	Cob. Matrícula	Nota corte	Evolución da nota
Lingua e Literatura Españolas	50	110%	7.578	
Lingua e Literatura Galegas	50	96%	5	
Lingua e Literatura Inglesas	100	110%	6.92	
Linguas e Literaturas Modernas	75	95%	5.074	
Matemáticas	110	106%	12.664	
Medicina	360	135%	12.925	
Mestre en Educación Infantil (S)	61	110%	10.706	
Mestre en Educación Infantil (L)	82	104%	8.704	
Mestre en Educación Primaria (S)	112	108%	10.8	
Mestre en Educación Primaria (L)	82	106%	9.21	
Nutrición Humana e Dietética	60	102%	9.45	
Odontoloxía	50	108%	12.458	
Óptica e Optometría	55	107%	9.979	
Paisaxe	45	27%	5.861	
Pedagogía	70	110%	9.455	
Psicoloxía	150	102%	10.888	
Química	100	102%	10.37	
Relacións Laborais e Rec. Humanos (S)	90	107%	7.92	
Relacións Laborais e Rec. Humanos (L)	45	33%	5.746	
Robótica	50	108%	7.08	
Traballo Social	80	104%	6.21	
Veterinaria	110	109%	11.314	
Xeografía e Ordenación do Territorio	50	68%	5	
Xornalismo	75	105%	10.65	
Dobre Grao Com. Audiovisual/Xornalismo	10	100%	12.9	
Dobre Grao Dereito/Relacións Laborais	20	110%	11.65	
Dobre Grao Enx. Informática/Matemáticas	10	130%	13.51	
Dobre Grao Enx. Agrícola/Enx. Forestal	10	120%	6.2	
Dobre Grao de Farmacia/Óptica-Optometría	10	90%	10.904	
Dobre Grao Matemáticas/Física	10	120%	13.6	
Dobre Grao Química/Bioloxía	20	95%	10.73	
Dobre Grao Química/Física	10	90%	12.258	

4.5 CONSOLIDAR A OFERTA DOS ESTUDOS PROPIOS

O Centro de Estudos Propios continuou coa súa ampla oferta de mestrados propios, cursos de especialización, de formación continua e de formación a demanda. A actividade do Centro incluíu tanto novas edicións de cursos e mestrados xa existentes en anos anteriores (algúns deles cunha prolongada traxectoria) como a incorporación de novos títulos e cursos ao catálogo da oferta formativa de carácter non oficial da nosa Universidade.

Así mesmo, puxéronse en marcha distintas actuacións encamiñadas á difusión da oferta formativa do CEP en departamentos, facultades e escolas, con especial énfase nos cursos do programa de formación específica e a demanda.

No [Consello de Goberno do 25/02/2021](#) aprobáronse dous regulamentos relativos aos estudos propios: por unha banda, o Regulamento de Réxime Interno do Centro de Estudos Propios e, por outra, o Regulamento de Estudos Propios e Formación Permanente da USC. O principal obxectivo deste último é o de centralizar e unificar a revisión das actividades docentes non oficiais na USC abertas a terceiros alleos á comunidade universitaria, evitando a súa dispersión, e promover a apertura da oferta formativa ao tecido social e produtivo.



FOTO Centro de Estudos Propios.

4.6 PROMOVER OS CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN E NOVAS ESTRUTURAS DE DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

A Rede de Centros Singulares completouse coa creación de tres estruturas:

- [CRETUS](#) (Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais).
- [CITMaga](#) (Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia) de carácter interuniversitario.
- [CISPAC](#) (Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais)

Asemade, tamén se colaborou co centro ECOBAS (Centro de Investigación Interuniversitario en Economía e Empresa para a Sociedade) que coordina a Universidade de Vigo. Na reformulación dos Institutos de Investigación creouse o Instituto de Materiais (iMATUS).

Cómpre salientar o fito da acreditación, por parte da Xunta de Galicia, do [Campus Terra](#) como especialización nas áreas estratéxicas de agricultura, gandería e sector forestal sustentables, segundo recolle a resolución publicada no DOG o 08/09/21, no que se dá conta da especialización nos ámbitos de coñecemento relacionados con medio ambiente e os recursos da terra.



FOTO Estudantes na Facultade de Matemáticas.



FOTO Foto aérea do Campus Terra.



FOTO Laboratorio de Bioloxía.

4.7 ELABORAR UN PLAN DE CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO INVESTIGADOR

[A política de captación e retención de talento](#) formalizouse a través de dúas liñas de acción: (i) programas propios de captación de talento (contratos de iniciación á investigación, contratos predoutorais e investigadores distinguidos) e (ii) captación de ReC (Ramón y Cajal), ERC (European Research Council, vía o programa Oportunius da Xunta de Galicia) e Beatriz Galindo.

Fomentar as vocacións científicas entre o alumnado de grao e mestrado mediante a súa incorporación aos diferentes departamentos das cinco grandes áreas foi un dos programas levados a cabo, outorgando finalmente 30 bolsas cunha duración de 7 meses. O 30/12/21 publicouse unha convocatoria dun plan propio de captación de persoal investigador en formación dotada con 42 contratos predoutorais (23 con fondos do mecenado do Santander). Esta medida ten como obxectivo “renovar o persoal, incorporando persoal en formación que nutra no futuro a carreira académica, e atender especialmente aquelas áreas de coñecemento nunha peor situación.

A USC converteuse nunha das primeiras universidades de España en dar un marco laboral que regulou a situación do persoal investigador con cargo a proxectos. Este feito permitiu a [convocatoria de prazas propias de “Investigador Distinguido”](#) polas que finalmente se incorporaron 11 investigadores e investigadoras que procedían de Alemaña, España, Estados Unidos, Francia, Italia, Reino Unido e Suecia. No gráfico represéntase a evolución dos número de investigadores ao abeiro do programa Ramón y Cajal do Ministerios que se incorporaron a USC.




GRÁFICO Investigadores ReC incorporados.

4.8 REFORZAR OS SERVIZOS DE APOIO Á DOCENCIA E Á INVESTIGACIÓN

No [Consello de Goberno do 30/10/20](#) aprobouse o Regulamento para a creación, modificación e supresión das [Plataformas Científico-Tecnolóxicas](#). O regulamento pretende dar resposta á necesidade de actualizar o modelo de organización da investigación da USC co fin de maximizar a calidade da súa produción científica e o impacto que esta poida xerar en favor da sociedade. Trátase, polo tanto, de definir un novo marco formal para a definición e xestión das Plataformas Científico-Tecnolóxicas que, sobre a base do establecido nos Estatutos vixentes e na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG, tome en consideración os principios que rexen o funcionamento actual das unidades de investigación de referencia e incorpore a experiencia e progreso organizativo que se ten consolidado nos pasados anos.

En canto aos sistemas de xestión da investigación destaca:

- BUSC: aprobado o sistema de xestión integrada das bibliotecas do SUG pola CISUG e o acordo con diversas editoriais (vía a CRUE) para a publicación en acceso aberto.
- AHUS: Implantación dun sistema de xestión do Arquivo e iniciada a incorporación do catálogo ao arquivo Galiciana da Xunta de Galicia.

4.9 MELLORAR A TRANSFERENCIA DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN

Os resultados na xestión de patentes acadados foron:

- 30 novas comunicacións de invención.
- 11 novas solicitudes de patentes na Oficina Española de Patentes e Marcas.
- 10 solicitudes de patente europea (EPO).
- 6 expedientes de patente vía PCT, unha solicitude USPTO (USA), e unha extensión EPO.

O [acelerador de transferencia](#) supuxo 16 solicitudes que abarcan kits, procedementos, composicións e novos compostos nas áreas de Biotecnoloxía, Física, Enxeñaría Química, Medicina e Química.

O emprendemento promocionouse a través de dúas liñas de acción: Explorer e Argos.

O programa Explorer derivou en 20 iniciativas empresariais dende o Campus de Lugo e 19 dende o campos de Santiago. As candidaturas premiadas foron:

Campus de Lugo

- [Anzol](#), pretende conectar os deseñadores de produto, enxeñeiros e creadores de servizos de fabricación de forma sinxela, rápida e eficaz.
- Orixe Slow Bree, unha iniciativa de negocio que conxuga de forma equilibrada saúde, ocio e coidado do planeta.
- Peral Project, desenvolve asistentes virtuais de conversación a través de procesos de intelixencia artificial.

Campus de Santiago

- [“Influcontact”](#), facer de intermediario entre empresas e “influencers”, para aforrar custos e potenciar vendas.
- “Desde LOQ (Lo que callan)”, iniciativa que ofrece unha nova ferramenta dixital baseada na psicoloxía da linguaxe.
- “Horizonte Verde” iniciativa orientada a combater o despoboamento rural.

No programa ARGOS de emprendemento foron 26 os inscritos dos que derivaron 2 ideas de negocio. Por último, no marco do Proxecto BioIncubaTech, iniciouse unha nova actuación de fomento do emprendemento ao orientar os TFG e TFM cara á aplicación empresarial. No 2021 centrouse nos sectores agroalimentario e saúde, e mediante un programa con formato de concurso (presentáronse 119 traballos) premiáronse os mellores traballos de cada categoría. Finalmente, cómpre destacar que a USC conta cun total de 27 empresas participadas (EBTs – Spin-off), incluídas 2 novas empresas constituídas no ano 2021.



FOTO O proxecto Inluecontact pon o foco na intermediación publicitaria entre empresas e influencers.



PROXECTAR A USC POLO MUNDO

“*A USC é unha universidade aberta ao mundo, cunha decidida vocación e un enorme potencial de internacionalización. Neste contexto, cómpre traballar de forma resolta e dende todos os sectores da comunidade universitaria no fortalecemento da súa imaxe e visibilidade no exterior.*”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS

	01/01/2019	01/04/2019	30/06/2019	28/09/2019	27/12/2019	26/03/2020
5.1 POTENCIAR A MOBILIDADE DAS PERSOAS						
5.1.1 Deseño dunha oferta de destinos actualizada						
5.1.2 Mellora do recoñecemento das actividades						
5.1.3 Consolidación do Centro de Benvida Internacional						
5.1.4 Creación de programas que faciliten a implicación das persoas en programas de mobilidade entrante						
5.1.5 Elaboración de estratexias en programas de mobilidade entrante e saínte para difundir a USC nos lugares de orixe						
5.1.6 Implementar a matrícula por Internet do alumnado de mobilidade entrante						
5.1.7 Aprobación dun sistema de recoñecemento de cualificacións para alumnado de intercambio		
5.1.8 Definición do cumprimento de requisito de idioma para o alumnado entrante	
5.1.9 Incorporación da expedición en bilingüe (inglés/galego ou inglés/castelán)						
5.1.10 Establecemento de mecanismos de comunicación máis eficientes		
5.2 INTERNACIONALIZAR A OFERTA DOCENTE DA USC						
5.2.1 Elaboración de itinerarios docentes específicos para o alumnado de fora da EEES						
5.2.2 Incremento da oferta académica en lingua inglesa						
5.2.3 Mellora dos procedementos e estratexias destinados a dar a coñecer a USC cara ao exterior						
5.2.4 Promoción por parte do profesorado e do PAS de competencia en lingua inglesa						
5.2.5 Elaboración dun mapa relacional						
5.2.6 Harmonización dos procesos administrativos						
5.2.7 Mellora do programa de atención titorial						
5.2.8 Mellora da funcionalidade da páxina web para facilitar a relación de procesos académicos e administrativos en inglés						
5.2.9 Deseño dun espazo de cooperación iberoamericano						
5.2.10 Programa de atención titorial para o alumnado Iberoamericano						
5.3 POTENCIAR A COMUNICACIÓN DA USC CARA AO EXTERIOR						
5.3.1 Potenciación da presenza internacional en redes sociais						
5.3.2 Mellora dos mecanismos de acceso á información e de comunicación						
5.3.3 Desenvolvemento das técnicas necesarias para xestionar de forma eficiente e eficaz as actividades						
5.3.4 Difusión de cara ao exterior						
5.4 COOPERAR PARA O DESENVOLVEMENTO INTERNACIONAL						
5.4.1 Incentivación da coordinación de proxectos internacionais de cooperación para o desenvolvemento						
5.4.2 Promoción da coordinación ou participación en consorcios de investigación e cooperación internacionais						




ACCIÓNS
COMPLETADAS



ACCIÓNS
EN PRAZO



ACCIÓNS NON
REALIZADAS



5.1 POTENCIAR A MOBILIDADE DAS PERSOAS

O proxecto 'Aiming to educate by promoting the academic dimension of Erasmus+' desenvolveu a plataforma en liña AIMED co obxecto de facilitar as escollos dos destinos europeos do alumnado universitario de intercambio. A través deste proxecto Erasmus+ e dende a Unidade de Promoción e Proxectos Internacionais da USC, deuse pulo a este web que subministra información práctica sobre os destinos antes de redactar o acordo de estudos, así como aproximacións ao custo de vida nos diferentes campus e á oferta académica de grao e mestrado das universidades participantes

A aprobación do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de asesoramento da súa calidade introduciu variacións na regulación das titulacións, o que determina a necesidade de introducir cambios nos procesos de recoñecemento, validación e transferencia de créditos dos estudos oficiais. A USC está neste momento en fase de elaboración dunha nova normativa para regular estas materias. Ten aprobada xa a regulación do procedemento para a homologación do título de doutor mediante a [Resolución Reitoral pola que se regula o procedemento de declaración de equivalencia a nivel académico de doutor/a na Universidade de Santiago de Compostela](#).



FOTO Alumnado estranxeiro na Facultade de Filoloxía.

O pasado ano implementouse, como acción de mellora, a expedición de certificados electrónicos en versión bilingüe (castelán/inglés e galego/inglés).

En relación co módulo de [mobilidade internacional](#) implementáronse, entre outras, as seguintes melloras:

- Inter-Institutional Agreements. Implementouse a funcionalidade de carga masiva de propostas de convenio por medio de arquivos CSV (a USC ten máis de 1300).
- Modificouse o texto do correo electrónico de benvida que reciben os estudantes alleos á USC cando se rexistran en Xescampus para que poidan acceder á secretaría virtual correspondente.
- Elaborouse un informe para coñecer o número de estudantes de entrada e saída na USC en cada curso ao abeiro dun determinado convenio.

5.2 INTERNACIONALIZAR A OFERTA DOCENTE DA USC

As inevitables consecuencias que a crise sanitaria global, derivada da COVID-19, tivo sobre a atracción de estudiantado estranxeiro cara á USC fixo necesaria a posta en marcha dun plan que englobou un conxunto de actuacións orientadas a fortalecer a imaxe e a visibilidade da nosa institución a nivel internacional e contribuír á captación de estudiantado foráneo para os vindeiros cursos académicos. O elemento máis senlleiro foi a adquisición do software *Keystone* para a xestión do posicionamento dos programas formativos de grao, máster e doutoramento da USC nas diferentes páxinas webs de busca de estudos de educación superior a nivel mundial. Os datos proporcionados por estas ferramentas proporcionaron métricas útiles para a toma informada de decisións institucionais, que permiten desenvolver políticas activas de captación e poñer en marcha campañas de márketing personalizadas dirixidas a determinados países ou rexións mediante solucións de segmentación xeográfica.

No apartado de xestión académica, fixéronse os traballos de análise de necesidades para automatizar os diferentes procesos que afectan aos estudantes internacionais, desde a subscripción dos acordos académicos ata a imputación da cualificación nos expedientes dos estudantes. Está pendente de completar a informatización para envorcar nos expedientes o contido das resolucións de recoñecemento.



Performance Report

Mar 1, 2021 - Dec 31, 2021

Universidade Santiago de Compostela




FOTO Mapa de Keystone.

5.3 POTENCIAR A COMUNICACIÓN DA USC CARA AO EXTERIOR

O uso de plataformas complementouse coa organización de encontros virtuais e webinars, así como coa elaboración de novo material audiovisual promocional da USC en distintas linguas, que poida ser empregado tanto en feiras e eventos de captación internacional como en viaxes e estadias internacionais realizadas polo PDI e o PAS.

En abril do 2021 preto [dun milleiro de estudantes internacionais](#) de dezaioito países tomaron parte nun evento informativo en liña a través do cal o Servizo de Captación Internacional achegou a oferta académica de doutoramento da USC. O alumnado procedía maioritariamente de Arxentina, Colombia, Ecuador, México e Perú.

Como parte dun conxunto de accións específicas de captación de alumnado para as titulacións oficiais de mestrado, nos meses de novembro e decembro de 2021 desenvolveuse a primeira fase dunha campaña de márketing dixital, centrada na difusión en América Latina e Brasil. A actividade forma parte

dun paquete de accións encamiñadas a mellorar as taxas de ocupación dos mestrados e a porcentaxe de alumnado estranxeiro que se matricula nestas titulacións. Esta primeira fase da actividade de mercadotecnia internacional incluíu a gravación e edición de vídeos promocionais dun total de 49 títulos de mestrado, así como a creación dunha páxina de aloxamento para o desenvolvemento da segunda fase, que consistiu na realización dun webinar (catro sesións celebradas en datas diferentes) que tivo lugar no mes de febreiro de 2022.



FOTO A USC conta na actualidade con máis de 2700 doutorandos/as.



6

XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE

“*É preciso elaborarmos e aprobarmos un novo plan que garanta a estabilidade e sustentabilidade económica no curto e medio prazo, xestionando os recursos con rigor, eficiencia e transparencia. Cómpre avanzar tamén na racionalización da normativa e na mellora dos procedementos.*”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS

	01/01/2019	01/04/2019	30/06/2019	28/09/2019	27/12/2019	26/03/2020
6.1 OPTIMIZAR O USO DAS INFRAESTRUTURAS						
6.1.1 Elaboración e aprobación dun plan de ordenación e xestión de infraestruturas						
6.1.2 Cooperación con outras institucións para compartir uso de infraestruturas comúns						
6.1.3 Renovación das redes						
6.1.4 Creación dunha unidade de control e monitorización da xestión global das infraestruturas						
6.1.5 Integrada na acción 6.1.1						
6.1.6 Resolver as deficiencias estruturais dos centros docentes e edificios administrativos						
6.1.7 Aumento da cobertura da rede sen fíos interna e externa						
6.2. PROCURAR UNHA MAIOR SUFICIENCIA E XESTIÓN EFICIENTE DOS RECURSOS ECONÓMICOS						
6.2.1 Refinanciamento da débeda						
6.2.2 Deseño dun Plan de financiamento 2021-2025						
6.2.3 Definición dun Plan de colaboración con Institucións Público/Privadas						
6.2.4 Desenvolvemento normativo para a xestión económica e contable						
6.2.5 Implantación do sistema de micromecenado						
6.2.6 Definición de criterios para a distribución dos créditos descentralizados						
6.3 RACIONALIZAR A ADMINISTRACIÓN INSTRUMENTAL						
6.3.1 Incorporación de actividades ao CISUG						
6.3.2 Elaboración dun programa para o redimensionamento e reordenación dos entes instrumentais						
6.4 AXILIZAR OS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS						
6.4.1 Realización de toda a tramitación interna por medio de mecanismos electrónicos						
6.4.2 Mellora dos portais de autoservizo para uso do estudiantado, profesorado e PAS						
6.4.3 Implantación dunha ferramenta para a xestión e seguimento de procesos xudiciais						
6.4.4 Automatizar as certificacións acreditativas de PDI e alumnado						
6.4.5 Promoción do uso de ferramentas de administración electrónica nos centros (notificacións, portasinaturas, etc.)						
6.4.6 Implantación dunha aplicación para a xestión de censos permanentes e proceso electorais						
6.5 SISTEMATIZAR A NORMATIVA UNIVERSITARIA						
6.5.1 Revisión da normativa interna da USC						
6.5.2 Mellora da accesibilidade dos textos						
6.5.3 Protocolización e sistematización da elaboración de normas e outras disposicións de carácter xeral da USC						
6.5.4 Establecer canles de relación da USC coas persoas egresadas e cos empregadores						
6.5.5 Actualización da regulación e sistematización do tratamento dos convenios						
6.5.6 Elaboración dun módulo informático para a xestión integral dos convenios da USC						
6.5.7 Deseño e aplicación do procedemento para recoñecer ás entidades						
6.6 ORIENTAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN Á SATISFACCIÓN DAS NECESIDADES DOS USUARIOS						
6.6.1 Mellora na xestión da información institucional						
6.6.2 Aumento da eficiencia dos procedementos de xestión e prestación de servizos						
6.6.3 Impulso no uso das aplicacións institucionais na área de recursos humanos						
6.6.4 Orientación da prestación de servizos TI á satisfacción das necesidades percibidas polos usuarios/as						
6.6.5 Dotación á área de xestión económica dunha ferramenta integrada						
6.6.6 Definición dunha nova estrutura da ATIC						
6.6.7 Fornecer infraestruturas e ferramentas TI de apoio ás actividades de investigación						
6.6.8 Redución dos custos de operación da infraestrutura TI						
6.6.9 Introducción dun novo modelo de provisión de recursos TI para a docencia práctica						
6.6.10 Introducción dun novo modelo de adquisición, mantemento de operación dos recursos TI en centros, departamentos e servizos						




ACCIÓNS COMPLETADAS



ACCIÓNS EN PRAZO



ACCIÓNS NON REALIZADAS



PRAZO INICIAL

PRAZO AMPLIADO

COMPLETADO ANTES DE PRAZO

6.1 OPTIMIZAR O USO DAS INFRAESTRUTURAS

Tendo como referencia o Plan de Infraestruturas aprobado no ano 2019 e cunha xestión integrada dos diferentes fondos (obra RAM, fondos COVID, fondos de dixitalización e innovación, INEGA, Axencia de Turismo de Galicia e os convenios cos Concellos de Santiago de Compostela, Deputación da Coruña e Xunta de Galicia) puidéronse afrontar diferentes melloras nas infraestruturas que afectaron a practicamente todos os centros e edificios da Universidade. O obxectivo da totalidade delas foi ser máis ecoeficiente e aliñar a USC coas accións marcadas nos diferentes ODS definidos na Axenda 2030.

Finalizou a renovación dos espazos de Área de Tecnoloxía da Información e Comunicacions (ATIC), incorporando o control integrado dos sistemas para facilitar unha monitorización en liña das infraestruturas. Tamén se fixo unha importante muda nos servizos de rede, a renovación dos portos de acceso acadou o 85 % do total e o 39 % das extensións da Universidade xa son IP. Logo dun mapeado da cobertura da rede sen fíos nas instala-

cións, deseñouse un programa ambicioso para mellorar a súa cobertura que incluíu a posta en servizo de máis 200 puntos 5G e máis de 100 puntos WiFi6 adicionais (elementos de alta densidade de usuarios).

6.2 PROCURAR UNHA MAIOR SUFICIENCIA E XESTIÓN EFICIENTE DOS RECURSOS ECONÓMICOS

O elemento máis senlleiro foi o acordo do novo [Plan de Financiamento Universitario \(2022-2026\)](#) asinado entre as [tres universidades e a Xunta de Galicia](#). A nova estrutura avanza no reparto de fondos baseado integramente en criterios/indicadores coñecidos e contrastables. Deste xeito, as universidades coñecen de antemán as regras de reparto e os



FOTO Novo Salón de Actos da Facultade de Medicina.

critérios que se teñen en conta, o que lles permite planificar estratexias para mellorar o seu financiamento. O novo plan suporá un incremento aproximado do 5%.

6.3 RACIONALIZAR A ADMINISTRACIÓN INSTRUMENTAL

A integración de BUGALICIA e o CIUG no Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) xa se completou, o que permitiu comezar a atinxir os obxectivos marcados polo SUG. Por exemplo, en marzo do 2021 xa se asinaron os seus [primeiros acordos transformativos](#) coas editoriais Cambridge University Press e Oxford University Press que logo seguiron con outras editoriais científicas van dirixidos a “transformar” o modelo de pagamento de licenzas por “ler” ao pagamento por “ler e publicar en acceso aberto”. O obxectivo final de publicar os resultados da investigación científica nas universidades en modo de acceso libre é o de contribuír ao crecemento económico, á competitividade, á innovación, á creación de traballo e ao progreso da sociedade en xeral mediante un novo modelo de facer e difundir a ciencia.

6.4 AXILIZAR OS PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS

En relación cos procesos de xestión de alumnado, procede indicar que todos os procedementos se tramitan de xeito electrónico, a través da Sede ou de aplicacións específicas (Xescampus/Tramitador). Unha parte importante das acreditacións tamén se realizan a través de procedementos automatizados, como é o caso da expedición de certificacións. Así mesmo, as comunicacións co alumnado efectúanse mediante notificación en Sede e as publicacións de interese xeral canalízanse a través do Taboleiro Electrónico. En definitiva, pode afirmarse que neste momento a maior parte das relacións co estudantado son electrónicas. Precisamente, este elevado nivel de implementación da administra-



Foto Sinatura do Acordo para o Plan de Financiamento Universitario 2022-26.



Foto Acordos editoriais.

ción electrónica fixo que a xestión administrativa non se resentise de xeito significativo durante a pandemia.

No último ano avanzouse na implantación da aplicación para a xestión de censos permanentes e procesos electorais, así como na de voto electrónico, que se xeneralizou por primeira vez nas eleccións que tiveron lugar este ano, aplicándose en todos os procesos electorais convocados (reitor, representantes de todos os sectores no Claustro e representantes de estudantes nas xuntas de centro). Resta agora mellorar a automatización no tratamento dos censos e a presentación dos informes que proporciona o sistema.

En 2021 tamén se estendeu a sinatura electrónica mediante certificado de empregado público aos cargos de departamento, incorporándose así plenamente a tramitación electrónica.

Así mesmo, introducíronse diversas modificacións nas funcionalidades da Secretaría Virtual do Alumnado (SVA) e activáronse novas funcionalidades, entre as que procede destacar:

- Anulación voluntaria de matrícula.
- Aceptación do compromiso documental de supervisión de doutoramento.
- Solicitud e emisión automática do certificado académico de estudos propios.
- Solicitud e emisión automática do certificado académico de doutoramento.
- Solicitud a través de Pasaxe do título para o acceso a unha titulación.
- Reclamación da documentación pendente na solicitud de bolsa do Ministerio a través de notificacións na Sede Electrónica da USC e acceso a un formulario de SVA para consultar e descargar os documentos reclamados.
- Modificacións na admisión de másteres para permitir aos/as alumnos/as solicitar tres másteres na

mesma convocatoria (con anterioridade só podían solicitar un), para o que foi necesario implementar un novo proceso de adxudicación de prazas e modificar os formularios de admisión de SVA.

6.5 SISTEMATIZAR A NORMATIVA UNIVERSITARIA

No [Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación da USC, aprobado polo Consello de Goberno o día 23 de xullo do 2021](#) e publicado no DOG do 31 de agosto, recolleuse a previsión de contar cun boletín electrónico para informar á comunidade universitaria das principais normas que aproben os órganos de goberno.

Nesta materia conclúese e está operativo o módulo de publicación de disposicións de carácter xeral, consolidándose a práctica de que todas as normas aprobadas pola Universidade se publiquen no repositorio institucional Minerva e de que as modificacións normativas se acompañen no momento da súa aprobación dunha versión consolidada.



FOTO Novos espazos ATIC.



GRÁFICO Estrutura de dirección da ATIC.

Aprobouse un novo [Regulamento para a xestión de convenios e protocolos xerais de actuación, publicado no DOG o 31 de maio de 2021](#) e estase realizando a análise funcional de necesidades para poder dispoñer dunha aplicación ou módulo informático que permita unha xestión áxil dos mesmos.

6.6 ORIENTAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN Á SATISFACCIÓN DAS NECESIDADES DOS USUARIOS

Rematouse a reformulación de ATIC (ver gráfico), co que se traballou, entre outros, na consecución das seguintes metas:

- A necesidade de que o alumnado e o PDI poidan utilizar as aplicacións de docencia desde calquera localización física con acceso a Internet.

- O uso intensivo das aplicacións na nube e a necesidade dunha maior difusión das ferramentas dispoñibles para o seu uso.
- A conveniencia de dispor de almacenamento da documentación profesional na nube para garantir o acceso desde calquera localización.
- A mellora e o dimensionamento adecuado da infraestrutura técnica e organizativa que materializa o Campus Virtual e a introdución de novas ferramentas de docencia en liña.
- A implantación de laboratorios de prácticas en liña para todas as materias que o admitan.
- O acceso desde calquera localización aos recursos bibliotecarios que actualmente, en xeral por limitacións do provedor, non se podían consultar desde fóra da rede da USC.
- A obriga de continuar a implantación progresiva da administración electrónica e a mellora das aplicacións de xestión para que todos os trámites se fagan en soporte electrónico, en especial nas áreas de recursos humanos e xestión económica.

USC

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Información Ur

7



APRENDER DA EXPERIENCIA DA COVID-19 PARA CONSEGUIR UNHA UNIVERSIDADE MÁIS SEGURA E FLEXIBLE

“*A situación derivada da COVID-19 fai que se teñan que afrontar medidas de adaptación no proceso de ensino-aprendizaxe, nas actividades de investigación e na xestión. Agora ben, unha perspectiva a máis longo prazo débese guiar polos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable (ODS) incluídos na Axenda 2030. En consecuencia, as accións requiren que o seu impacto teña un longo percorrido, procurando a súa versatilidade e aplicabilidade a calquera escenario.*”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS

	01/03/2020	30/05/2020	28/08/2020	26/11/2020
7.1 PERFECCIONAR AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN SANITARIA				
7.1.1 Introducción de pantallas de protección por imposibilidades dunha maior separación nos espazos de traballo en función dos criterios sinalados pola servizo de prevención de riscos laborais.				
7.1.2 Mellora de ventilación nas aulas e espazos de traballo, maximizando o espazo para empregar nun escenario presencial e semipresencial (ODS3), reducindo a alta concentración de persoas en espazos pechados e promovendo a adaptación dos mesmos e a utilizar.				
7.1.3 Habilitar espazos para actividades docentes, en consonancia cos directrices emanadas do servizo de prevención de riscos laborais.				
7.1.4 Dotación de máscaras para toda a comunidade universitaria para o curso 2020-2021, coas características de reutilización (ODS6, ODS11 e ODS13) e axustabilidades de tamaño cos talles S, M e L (ODS5).				
7.1.5 Medidores de CO2 e xel sanitizante de mans eco-eficiente dende o punto de vistas dos ODS6, ODS12, ODS13 e ODS15				
7.1.6 Limpeza sanitaria do equipamento informático e electrónico. A reutilización e pre-enchido dos envases de alcohol isopropílico e a utilización de panos lavables supoñen un aforro económico e ambiental.				
7.1.7 Reforzo de limpeza das infraestruturas, cunha reorganización do servizo para intensificar a limpeza en zonas de uso frecuente e minimizar os riscos sanitarios.				
7.1.8 Apoio ao sistema de rastrexo do sistema sanitario coa posta en marcha do rexistro COVID-19 polo alumnado para os efectos dunha localización espacial e temporal da súa actividade nas instalacións da USC, así como do persoal alleo a estas.				
7.2. INTENSIFICAR O PROCESO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL				
7.2.1 Definición dun plan de actuación a medio e longo prazo das necesidades funcionais para acelerar a transformación dos procedementos organizativos e administrativos do proceso de ensino-aprendizaxe e da investigación.				
7.2.2 Posta en marcha dun programa de aprender a ensinar coas novas tecnoloxías en que o profesorado poña en valor as potencialidades didácticas que ofrece a aprendizaxe nas contornas dixitais.				
7.2.3 Normativización do emprego de medios telemáticos para acadar un uso seguro na docencia e na avaliación.				
7.2.4 Dotación de software de carácter docente con licenzas multicampus ou cun número de licenzas concorrentes que poidan cubrir as necesidades da comunidades universitaria.				
7.2.5 Posta en marcha de mecanismos de presentación telemática das teses de doutoramento que manteñan as garantías da defensa pública.				
7.3 FACER MÁIS FLEXIBLE A ORGANIZACIÓN ACADÉMICA DE MANEIRA QUE SE POIDAN APROVEITAR AO MÁXIMO AS FERRAMENTOS DIXITAIS PARA COMPLEMENTAR A DOCENCIA PRESENCIAL				
7.3.1 Conversión das aulas en potenciais aulas informáticas buscando a súa dualidade, contribuíndo ao ODS12 e ODS13.				
7.3.2 Adaptación das aulas de seminarios e reunións en aulas "audiovisuais" para a docencia e a investigación (por exemplo, reunión multitempus, proxectos europeos).				
7.3.3 Dotación de equipamento para unha docencia presencial e non presencial.				
7.3.4 Mellora da rede sen fíos nas aulas. Ampliación de zonas exteriores aos centros para definir zonas de traballo.				
7.3.5 Mellora do Campus Virtual para ter unha maior resiliencia e funcionalidade. Inclúe a súa disposición na nube, a actualización de software á última versión e a incorporación dos complementos demandados polo profesorado.				
7.3.6 Plan de formación extraordinario polo CeTA e busca de novas tecnoloxías e recursos electrónicos do proceso de ensino-aprendizaxe.				
7.3.7 Converter o CeTA nunha unidade interdisciplinar que proporcione o personal técnico e recursos acaídos para dar soporte e seguimento ao persoal docente da USC nas novas modalidades de ensino e aprendizaxe.				
7.3.8 Sistematización das guías docentes e normas para organización académica para os tres escenarios considerados na planificación académica.				
7.3.9 Establecemento dunha oferta e procedemento de realización das prácticas externas adaptadas á nova realidade de funcionamento das empresas e institucións.				
7.3.10 Flexibilización das condicións que permitan a presentación e defensa telemática dos TFG e TFM.				
7.4 PROMOVER A OFERTA DE TITULACIÓNS DE MESTRADO A DISTANCIA E DIRIXIDAS PREFERENTEMENTE AOS PAÍSES DE LINGUA ESPAÑOLA E PORTUGUESA				
7.4.1 Organización de foros para a difusión das capacidades de formación no mestrado e doutoramento.				
7.4.2 Elaboración dun plan experimental de titulación de mestrado a distancia.				
7.4.3 Elaboración dun programa de alianzas para a implementación de mestrados non estritamente presenciais.				

7.1 PERFECCIONAR AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN SANITARIA

Nos servizos con atención directa ao público e naqueles con dificultades de manter a distancia axeitada instaláronse unha serie de pantallas de protección (fundamentalmente de metacrilato) segundo os criterios sinalados polo servizo de prevención de riscos laborais da USC.

Unha boa ventilación dos espazos foi sinalada pola OMS como unha das medidas preventivas máis importantes fronte á COVID-19, polo que se fixo un protocolo en que se debullaba unha serie de boas prácticas para garantir unha renovación de aire axeitada nos espazos comúns da USC. Tamén foi necesario facer nalgúns centros diferentes obras de acondicionamento para mellorar o sistema de ventilación. Asemade, remitiuse a cada centro diversos equipos de medición portátiles de CO₂, pois diversos estudos científicos sinalaron que era bo manter unha concentración por debaixo dos 800 ppm.

No senso de incorporar espazos que permitisen unha maior garantía nas clases presenciais acometéronse diferentes obras de acondicionamento en diversos

centros que permitiu incorporar como espazos docentes, por exemplo, os salóns de actos.

[Fíxose a entrega ao persoal de diversas máscaras hixiénicas co logo da USC](#) que cumprían a normativa Europea CWA 17553 e as especificacións da norma UNE 0065/2020. Ademais, como apoio a docencia interactiva presencial nos laboratorios de docencia remitiuse aos centros máscaras FFP2 para o seu reparto entre o alumnado.

A USC foi pioneira na produción de xel sanitizante nas súas propias instalacións que nos permitiu ser autosuficientes e evitar as especulacións do mercado, garantindo en todo momento unha excelente calidade final do produto. Púxose en marcha un sistema de recuperación dos botes de xel na procura da ecoeficiencia, xa que logo se minimizaron os impactos ambientais e o custo da produción coa reciclaxe dos botes. Seguindo as instrucións emitidas pola OMS fíxose un reforzo dos procedementos de limpeza dos espazos e tamén se remitiu equipamento para a desinfección de equipamento electrónico e informático.

Por último, cómpre destacar que se incorporou un desenvolvemento informático propio para facilitar o rastrexo de contaxio da COVID-19 nas aulas, na Secretaría Virtual do alumnado indicábase en fun-



FOTO Oficina OIU.

ción da materia a posición que se ocupaba na aula. Nos primeiros momentos a taxa de participación foi superior ao 90 %.

7.2 INTENSIFICAR O PROCESO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL

Elaboración dunha serie de programas de actuación no marco do proxecto “UNDIGITAL” do Ministerio de Universidades para a mellora e adaptación das universidades no desempeño dixital. Estes programas inclúen tanto a mellora en hardware, software, contidos e competencias. Cómpre salientar que as licenzas de software se enfocaron a ter un carácter multicampus que permite aumentar e facilitar significativamente o seu uso. Esta acción tivo impacto en máis de 10 000 estudantes. Entre os diferentes softwares podemos citar o MatLab, SPSS, HYSYS, PHYSIO, etc.

Asemade, no eido da transformación dixital realizouse:

- Adecuación do programa xeral do PFID e realización dunha convocatoria de programa específico de actividades para cada centro.

- Directrices e instrucións sobre o marco da utilización da docencia e avaliación telemática.

- Equipamento técnico e procedemento para ampliar a defensa das teses a modalidade telemática e semipresencial.

7.3 FACER MÁIS FLEXIBLE A ORGANIZACIÓN ACADÉMICA DE MANEIRA QUE SE Poidan APROVEITAR AO MÁXIMO AS FERRAMENTAS DIXITAIS PARA COMPLEMENTAR A DOCENCIA PRESENCIAL

Acelerouse a conversión de calquera aula nunha potencial “aula informática” para o que se procedeu á electrificación dos postos do alumnado de aproximadamente 175 aulas nas que entre outras cuestións supuxo trocar potencia instalada. O custo medio por aula foi duns 3 000 €. Tamén se potenciou a cobertura da rede sen fíos coa instalación de puntos 5G (240 puntos máis) e comezouse a instalación dos denomi-



FOTO Producción de xel sanitizante.




FOTO Estudante empregando o software Matlab.



FOTO Cámara instalada na Facultade de Económicas.

nado WiFi 6 (140 puntos) que permiten un notable incremento na eficiencia e mantemento de conexións incluso cando a rede está moi conxestionada.

Deseño de aulas polivalentes con capacidade simultánea de docencia presencial e non presencial mediante a incorporación dun equipamento informático completo que incluíu por aula: cámara de alta resolución, porto de conexión universal, tableta, micrófono e alt falantes. O total de aulas equipadas foi de 280. Tamén se fixeron diversos cursos de formación en cada un dos centros e escolas, nos que participaron máis de 1 500 PDI.

Actualización da versión de Moodle do campus virtual, cun troco substancial na súa aparencia e funcionalidades; por exemplo, a opción de gamificación. Instalación do Campus Virtual na nube AZURE para facilitar o servizo e o seu mantemento.

Intensificouse a formación metodolóxica tanto desde o punto de vista presencial como a elaboración de píululas formativas dispoñibles na canle de youtube da USC. A incorporación ao CeTA de persoal adicional permitiu atender as novas iniciativas levadas a cabo. [Cómpre destacar o traballo da Biblioteca no acceso aos recursos formativos electrónicos](#), con especial fincapé da implantación do EZProxy en colaboración con ATIC. Este sistema permitiu o acceso a 12 000 títulos de revistas, máis de 51 000 títulos de libros electrónicos e 42 bases de datos.

No ámbito da xestión académica formalizáronse diversos protocolos: (i) elaboración de guías docentes en función dos diversos escenarios previstos (presencial, semipresencial e telemático); (ii) guía para a realización das prácticas externas; (iii) procedemento da presentación dos TFG e TFM de xeito non presencial.



FOTO Campus Virtual da USC.



FOTO Alumnos na Facultade de Xornalismo.

7.4 PROMOVER A OFERTA DE TITULACIÓNS DE MESTRADO A DISTANCIA E DIRIXIDAS PREFERENTEMENTE AOS PAÍSES DE LINGUA ESPAÑOLA E PORTUGUESA

No marco dun proxecto europeo nace a [Universidade sen Fronteiras \(UNISF\)](#), en colaboración coas universidades de Vigo, Coruña, Porto, Minho e Trás-os-Montes e Alto Douro, estívose a traballar na memoria de 2 mestrados e 2 programas de doutoramento comúns:

- Mestrado Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais.
- Mestrado Universitario no Desafío das Cidades.
- Programa de Doutoramento en Matemáticas e Aplicacións.
- Programa de Doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento.



FOTO Ponte de Tui na fronteira de Galicia con Portugal.





IMPACTO DA COVID-19 NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades





RESUMO

O obxecto deste informe é o de analizar a incidencia da situación de emerxencia sanitaria na Universidade de Santiago de Compostela (USC), singularizando e avaliando de forma diferenciada o impacto dende o punto de vista económico.

A Resolución da Secretaría Xeral de Universidades do 12 de marzo de 2020 determinou a suspensión das actividades académicas no ensino universitario. A dita resolución foi seguida da declaración da emerxencia sanitaria en Galicia o 13 de marzo de 2020 e do estado de alarma a nivel estatal o 14 de marzo de 2020, producíndose o paso dun modelo de docencia baseado na presencialidade a outro non presencial, con todos os retos e implicacións que dito cambio supuxo.

Polo tanto, compre analizar de forma pormenorizada a dita actividade e valorar adecuadamente, e de forma cuantificada, o impacto que esta situación tivo na realidade económica da institución universitaria. Para elo, partindo da análise das actuacións realizadas, avaliarase a evolución recente das partidas de gastos e ingresos, identificando ademais aqueles elementos que en maior medida teñen incidido na mesma, ao obxecto de poder concluír sobre as repercusións globais da Covid-19 na USC.

Neste senso, este informe permite salientar os aspectos básicos para valorar a realidade actual da USC, así como a súa evolución recente, en relación cos efectos da Covid-19 sobre a súa actividade. Asemade, posibilita unha avaliación das actuacións sobrevidas, nun marco de toma de decisións inmediata determinado pola adaptación continua. Tamén permite determinar a cuantificación dos gastos nos que se incorreu para afrontar as consecuencias derivadas da emerxencia sanitaria, así coma da caída de ingresos producida pola afectación das actividades.

O resultado desta análise permite concluír sobre a realidade coa que a Universidade afronta a etapa de recuperación, toda vez normalizada a situación sanitaria, así coma cuantificar as necesidades de fondos que poden garantir a súa actividade neste novo contexto.



AUTORÍA

María BASTIDA DOMÍNGUEZ. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
Universidade de Santiago de Compostela.

Miguel Á. VÁZQUEZ TAÍN. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
Universidade de Santiago de Compostela.

Manuscrito finalizado en Decembro de 2021

DISCLAIMER E COPYRIGHT

O contido deste documento -incluíndo os seus resultados, conclusións e opinións- é responsabilidade única dos seus autores.

A Xunta de Galicia -nomeadamente, a Secretaría Xeral de Universidades- é propietaria única do Informe. En consecuencia, calquera utilización ou reprodución dos contidos deste traballo debe ser expresamente autorizada pola Xunta de Galicia.



ÍNDICE

ÍNDICE DE CADROS	5
ÍNDICE DE GRÁFICOS	5
RESUMO EXECUTIVO	7
RESUMO DE RESULTADOS	8
INTRODUCCIÓN	10
A RESPOSTA A COVID-19: UNHA VISIÓN GLOBAL	11
A RESPOSTA DA UNIVERSIDADE ESPAÑOLA Á COVID-19	13
A RESPOSTA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	22
ACTUACIÓNS DE XESTIÓN	23
ACTUACIÓNS DE COMUNICACIÓN	26
ADAPTACIÓN Á DOCENCIA NON PRESENCIAL	27
ADAPTACIÓN AO TRABALLO NON PRESENCIAL	29
ATENCIÓN PSICOLÓXICA Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	31
PREPARACIÓN ANTICIPADA DO CURSO 2021-2022	32
O IMPACTO ECONÓMICO DA COVID-19 NA USC	34
INGRESOS	35
GASTOS	39
CONCLUSIÓN	42
REFERENCIAS	45



ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Catálogo de recursos para o traballo en remoto	15
Cadro 2. Contidos de información principais na comunicación elaborada en relación coa xestión da COVID-19	21
Cadro 3. Rexistro de actividade do Servizo de atención psicolóxica	31
Cadro 4. Ingresos e Gastos da USC (millóns de euros)	35
Cadro 5. Ingresos Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos	36
Cadro 6. Ingresos Capítulo IV. Transferencias correntes	37
Cadro 7. Ingresos patrimoniais	37
Cadro 8. Alleamento de investimentos reais	37
Cadro 9. Transferencias de capital	38
Cadro 10. Ingresos Financeiros	38
Cadro 11. Ingresos non afectados	39
Cadro 12. Gastos correntes en bens e servizos	39
Cadro 13. Gastos financeiros	40
Cadro 14. Transferencias correntes	40
Cadro 15. Investimentos reais	41
Cadro 16. Gastos financeiros	41

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Ilustración 1. Portal conectad@s de axuda e soporte á docencia non presencial	14
Ilustración 2. Portal axuda á docencia e investigación na Universidade de Murcia	14
Ilustración 3. Titorial de Apoio e materiais formativos	16
Ilustración 4. Repositorio documental da Universidade de Sevilla	17
Ilustración 5. Protocolos de saúde da Universidade de Sevilla	17
Ilustración 6. Protocolos de acceso a instalacións. Universidade Alfonso X El Sabio	18
Ilustración 7. Portal de documentación e recursos docentes da Universidade de Granada	18



Ilustración 8. Investigación non presencial na Universidade de Granada	19
Ilustración 9. Consultas e atención psicolóxica	20
Ilustración 10. Información Xeral. Universidade de La Laguna	20
Ilustración 11. Estrutura de xestión da Covid-19	23
Ilustración 12. Protocolos na USC	24
Ilustración 13. Oficina Covid-19 da USC	25
Ilustración 14. Sitio web da Covid-19 na USC	26
Ilustración 15. Exemplo de elemento de imaxe corporativa	27
Ilustración 16. Link de descarga de imaxe corporativa	27
Ilustración 17. Espazo para a adaptación da docencia	28
Ilustración 18. Recursos para a docencia	29
Ilustración 19. Espazo para a adaptación do traballo administrativo	30



RESUMO EXECUTIVO

Antecedentes

En Decembro de 2019 identificouse o inicio dun risco sanitario, non coñecido ata o momento, vinculado aos primeiros casos do virus 2019-nCov, posteriormente coñecido coma coronavirus ou Covid-19. A Organización Mundial da Saúde declarou a situación de pandemia mundial en marzo de 2020 (OMS, 2020a).

O confinamento domiciliario, adoptado coma estratexia prioritaria de contención da expansión da enfermidade, alterou os ritmos de vida, traballo e educación. No eido universitario, a mediados de marzo de 2020 determinouse o peche de instalacións, producíndose o paso dun modelo de docencia baseado na presencialidade a outro non presencial, con todos os retos e implicacións que dito cambio supuxo.

Esta adaptación derivou nunha concatenación de decisións baseadas na procura de flexibilidade, que facilitaron que o curso universitario puidese manter o seu desenvolvemento nun marco de relativa estabilidade. Porén, tanto as accións implantadas coma o peche de actividades provocaron notables distorsións nos orzamentos das institucións universitarias, que precisan ser identificados e cuantificados para garantir a sustentabilidade do ensino superior.

Obxectivo

Este informe ten un dobre obxectivo. Por unha banda, pretende proporcionar unha análise das accións desenvolvidas pola Universidade de Santiago de Compostela no marco da situación de emerxencia sanitaria dos cursos 2019-2020 e 2020-2021. Por outra, estimar a repercusión das ditas accións sobre a estrutura de ingresos e gastos da institución. Adicionalmente, proporciona unha aproximación ao efecto que a pandemia da Covid-19 tivo para a institución universitaria, o que permite avanzar un conxunto de perspectivas de futuro e achegar un conxunto de suxestións e recomendacións para mellorar as súas opcións de funcionamento e viabilidade a curto prazo.



Para a elaboración deste estudo levouse a cabo:

- Unha revisión das principais distorsións e respostas relacionadas coa Covid-19 no ensino universitario, tanto a nivel internacional coma estatal.
- Unha análise pormenorizada das actuacións desenvolvidas pola Universidade de Santiago de Compostela.
- Estudo dos datos dispoñibles, nomeadamente a estrutura e liquidación orzamentaria da USC.
- Estimación do impacto económico da Covid-19 no exercicio 2020 da USC.

Estrutura do informe

O informe consta de seis apartados. Despois dunha breve introdución, a segunda parte analiza a resposta do sector universitario perante a situación de pandemia declarada coma consecuencia da Covid-19. A continuación, particularízase a dita resposta no sistema universitario español e na Universidade de Santiago de Compostela. A quinta parte examina as principais magnitudes económico-financeiras, e estima o impacto producido no exercicio 2020 na liquidación orzamentaria da USC. Finalmente, se inclúen as conclusións mais salientables da análise realizada.

Resumo de resultados

A revisión das accións implantadas pola USC perante a crise de emerxencia sanitaria amosa unha alta **capacidade de adaptación** por parte da institución universitaria. A base desta flexibilidade atópase na articulación dunha serie de decisións e actuacións **descentralizadas**, adoptadas nun marco coordinado e dotadas dun alto grao de **transparencia**. Dende un punto de vista económico, os efectos potencialmente negativos vense contrarrestados por unha actuación conxunta e coordinada por parte do Goberno galego e o Goberno da Universidade, que reforza unha resposta eficaz e eficiente. Así, a actuación do



executivo autonómico susténtase no mantemento de compromisos de financiamento contraídos e a dotación de achegas extraordinarias que permiten unha **actuación eficaz** na adopción de medidas e determinan a amplitude de accións emprendidas pola USC. Pola súa banda, a equipa de xestión no seo da institución universitaria tomou unha serie de **decisións eficientes** en canto ao uso destes recursos, dotando financeiramente as actuacións de resposta no marco da situación extraordinaria sufrida. A evidente coordinación entre ambas unidades de decisión conseguiu que, en conxunto, a USC non se vise lastrada no seu funcionamento e sustentabilidade pola pandemia sanitaria desencadeada en 2020, cuxos efectos aínda están vixentes.



INTRODUCCIÓN

En Decembro de 2019 reportáronse os primeiros casos dun virus descoñecido ata a data, o 2019-nCov (Huang et al., 2020). A expansión deste virus, xa reconvertido nas súas etimoloxías coloquiais de coronavirus ou Covid-19, derivou na declaración de situación de pandemia en marzo de 2020 por parte da Organización Mundial da Saúde (OMS, 2020a).

Esta situación produciu impactos en todos os ámbitos socio-económicos e, entre eles, no eido educativo, tanto a nivel primario, coma secundario e superior. O confinamento domiciliario, adoptado coma estratexia prioritaria de contención da expansión da enfermidade, alterou os ritmos de docencia e aprendizaxe e, en termos xerais, provocou unha disrupción nos usos e procesos de ensino. Distintos organismos internacionais publicaron catálogos de recomendacións sobre como abordar estes cambios, basicamente centrados na transición cara unha educación a distancia¹.

No relacionado coa educación superior, tamén se publicaron diversos estudos vinculados coa incidencia da Covid-19 nos espazos universitarios. Estes estudos pódense clasificar en tres grandes grupos:

- a) Estudos sobre as dificultades atopadas no marco da transición cara unha docencia non presencial.
- b) Informes sobre as medidas implantadas nos sistemas universitarios cara a manter a docencia no curso universitario.
- c) Proxeccións sobre a continuidade da docencia con posterioridade ao curso 2019-2020.

En termos xerais, estes documentos alertan sobre a existencia de numerosas eivas que dificultan o acceso ao ensino, as máis das veces con independencia do nivel educativo concreto. Así, as fendas no acceso á tecnoloxía, as diferencias na capacitación dixital de profesorado e alumnado, a carencia de materiais dixitais en aberto e/ou pedagoxicamente axeitados, a carencia de formación axeitada para impartir docencia híbrida ou baseada nun modelo sincrónico-asincrónico ou as diferencias en competencias de comunicación

¹ Por exemplo, OECD & Harvard Graduate School of Education, 2020, UNESCO (2020)



online son algúns dos factores máis repetidos nestes estudos, que lóxicamente teñen distinto grado de incidencia en función dos grupos sociais e as casuísticas de distribución xeográfica.

Porén, os estudos baseados na estimación do impacto económico producido por esta situación son máis escasos, alén dunha referencia anecdótica ao prexuízo nos ingresos que as dificultades de mobilidade de estudantes cara a outros países xera nos sistemas universitarios receptores (Perrotta, 2020). Este é, precisamente, o obxectivo fundamental deste informe: a estimación do impacto económico ocasionado pola pandemia da Covid-19 nun contexto universitario, utilizando coma marco de análise o caso da Universidade de Santiago de Compostela.

A RESPOTA A COVID-19: UNHA VISIÓN GLOBAL

A principios de 2020, o ata entón descoñecido virus SARS- CoV-2, estendeuse por todo o mundo. En poucas semanas converteuse nun desafío para a saúde, e en marzo dese ano a OMS declarou oficialmente o brote de Covid-19 como pandemia (OMS, 2020b) despois de constatar a velocidade de expansión e a severidade da enfermidade derivada da exposición ao virus.

O esforzo mundial para conter a propagación do virus e a enfermidade da Covid-19 conduciu a grandes cambios na vida das persoas. Dun día para outro, os confinamentos no domicilio, as restricións de mobilidade e o distanciamento social determinaron o novo modelo de relacións sociais e laborais, un novo estilo de vida e traballo. Pronto chegou a constatación de que estes cambios terían un carácter relativamente permanente, pasando a ser retos a longo prazo para a sociedade. A vida social, a economía, a educación e a saúde pública son algunhas das áreas que se viron e séguense vendo fortemente afectadas polas ditas restricións (Fernandes, 2020).

Un dos enfoques crave para facer fronte aos efectos da pandemia foi a rápida dixitalización de todas as esferas da actividade humana. En moitos ámbitos, a transformación dixital, "un proceso que pretende mellorar unha organización provocando cambios significativos nas súas características mediante a combinación de tecnoloxías da información, a informática, as comunicacións e conectividade" (Vial, 2019, p. 118), converteuse na única opción para permitir



o traballo e a comunicación sen contacto persoal. Este proceso, que implica a implantación da tecnoloxía nas rutinas diarias xa comezara, a aparición do SARS- CoV-2, catalizou a necesidade dunha rápida transformación en todos os niveis de actuación social e laboral.

Un dos espazos máis afectados polas restricións pandémicas foi o educativo (Adedoyin & Soykan, 2020). Neste contexto, a transformación dixital non era un fenómeno completamente novo, sendo obxecto de atención na última década, sobre todo no eido universitario (Kopp et al., 2019), sobre a base de que as tecnoloxías da información e comunicacións (TIC) están completamente instaladas en todos os hábitos cotiás, dado que a preparación de profesionais competentes no uso destas tecnoloxías forma parte das responsabilidades das universidades (Bond et al., 2018). Porén, a pandemia da Covid-19 irrompeu na transformación dixital da educación superior, e os cambios que normalmente levarían anos presentáronse rapidamente nun número limitado de días (Strielkowski, 2020), supoñendo a adopción do que algúns investigadores deron en chamar "ensino remoto de emerxencia" (Bozkurt & Sharma, 2020; Hodges et al., 2020; Vlachopoulos, 2020).

Como parte das medidas adoptadas para manter o distanciamento social, anunciouse progresivamente o peche físico dos centros educativos. Esta orde afectou ás institucións universitarias, para as que a única opción de manter a docencia foi a adopción de sistemas de aprendizaxe en liña. Así, as institucións universitarias comezaron un proceso de transformación dixital como resposta á crise (Hodges et al., 2020), supoñendo un verdadeiro test de estrés de axilidade organizativa (Wu, 2020). O traballo de Crawford et al., (2020) proporciona unha primeira achega ás diferentes respostas que os sistemas universitarios ofreceron coma consecuencia da Covid-19. Neste contexto global, as conclusións deste traballo apuntan á existencia de tres grupos de países:

- Un primeiro grupo o constitúen aqueles sistemas que mantiveron a docencia presencial, facendo mínimas adaptacións para cumprir cos estándares mínimos de seguridade determinados polos gobernos (distancia de seguridade ou instrumentos de protección, por exemplo). Neste grupo figuran, por exemplo, Brasil ou Malaisia.



- Outros países apostaron polo peche da oferta presencial, pasando a impartir docencia en modalidade virtual (Alemaña, Italia ou España).
- O terceiro bloque o constitúen aquelas universidades que xa tiñan experiencia na combinación de ensino presencial e *on-line* (EEUU ou Xordania).

Nalgúns casos, os países optaron por sistemas intermedios, estendendo o período de descanso entre semestres na espera dunha menor incidencia da pandemia para poder retomar a docencia presencial nunha mellor situación sanitaria. Polo tanto, o tipo de resposta foi desigual entre as universidades, aínda que aproximadamente dous terzos substituíron o ensino na aula por ensino a distancia (Marinoni, Land and Jensen, 2020).

Paralelamente a estes estudos de revisión da tipoloxía de respostas perante a crise sanitaria, outro grupo de traballos presentan propostas para o desenvolvemento da docencia cando se supere a situación sanitaria (por exemplo, Peters et al. 2020; Rapanta, et al., 2020). En termos xerais, estes estudos abordan as transformacións producidas pola Covid-19 coma unha oportunidade para apuntalar modelos combinados de docencia presencial e semipresencial.

A RESPONDA DA UNIVERSIDADE ESPAÑOLA Á COVID-19

España foi un dos países onde decretouse o peche das instalacións universitarias. Neste contexto, o Ministerio de Universidades deseñou, en colaboración coa UNED e a UOC, un portal de axuda á docencia con recursos metodolóxicos de formación en liña, materiais dixitais, e contidos en aberto en distintas áreas de coñecemento. Ademais, este portal ten unha importante vertente divulgativa, onde se rexistran materias especificamente deseñados para a atención e coidado psicolóxico das persoas.



Ilustración 1. Portal conectad@s de axuda e soporte á docencia non presencial



Fonte: páxina web do Ministerio de Universidades (Gobierno de España)

Paralelamente, nas Universidades establécense espazos virtuais onde se ofrecen recursos de axuda e ferramentas dirixidas á comunidade universitaria, para facilitar o traballo e a docencia.

Ilustración 2. Portal axuda á docencia e investigación na Universidade de Murcia



Fonte: páxina web da Universidade de Murcia

En termos xerais, a práctica totalidade das Universidades ofrecen Manuais e Tutoriais para facilitar a continuidade das tarefas docentes, investigadoras e o traballo do persoal de administración e servizos. O cadro 1 ofrece unha síntese destes recursos.



Cadro 1. Catálogo de recursos para o traballo en remoto

	Estudantado	PDI	PAS
Plataformas docentes	Aulas virtuais		
Clases en liña	Videoconferencias Blackboard Collaborate		
Grabación de clases	Videoapuntes, videoconferencias Recursos aula virtual		
Comunicación	Correo electrónico, mensaxería na aula virtual		Correo electrónico
Almacenamento	Almacenamento na nube/ One Drive Carpetas en liña		
Reunións		Videoconferencias, reunións en liña	ferramentas de
Escritorios virtuais	Espazos colaborativos		
Control horario		Adaptación	
Recursos	Teams, acceso a recursos a través das Bibliotecas		
Descargas	Office, Office 365, conexión remota en VPN Portasinasaturas		
Licencias	Software para a instalación de licencias na casa		

Fonte: elaboración propia a partir da revisión das páxinas web das Universidades²

Cabe destacar que boa parte destas ferramentas vai acompañada de **catálogos de instrucións**, en formato de Manual ou en video-tutoriais, para facilitar a aprendizaxe do seu manexo. Igualmente, é frecuente atopar espazos virtuais con **consellos, suxestións e materiais formativos** para a ensinanza.


² Algunha das páxinas está xa deshabilitada, como é o caso da Universidade Carlos III de Madrid, da Universidade Autónoma de Barcelona, a de Castilla-La Mancha, Zaragoza, ou a Universidade Católica de Valencia.



Ilustración 3. Titorial de Apoio e materiais formativos



CONSEJOS PARA LA DOCENCIA A DISTANCIA



Fonte: páxinas web da Universidade de Sevilla, a UAX e a Universidade de Oviedo



Simultaneamente, na meirande parte das Universidades facilítase o acceso a **repositorios documentais** máis ou menos amplos, onde centralízanse as normas e disposicións oficiais elaboradas especificamente con motivo da situación xerada pola Covid-19, así como o acceso a **canais de información** para a comunicación de incidencias vinculadas coa incidencia da enfermidade. Igualmente, dispoñen dun **proceso elaborado** para guiar a actuación en caso de contaxio. Neste contexto, destaca a información relacionada coas comisións de seguimento creadas para supervisar a **incidencia da enfermidade** nas distintas institucións.

Ilustración 4. Repositorio documental da Universidade de Sevilla

Comunicados y resoluciones - Curso académico 2019-2020



- (16/05/2020) [Nota aclaratoria sobre la convocatoria y planificación de los exámenes presenciales en la Universidad de Sevilla.](#)
- (01/05/2020) [Comunicado oficial de la Universidad de Sevilla sobre las adendas de adaptación virtual.](#)
- (24/04/2020) [Instrucciones de la Gerencia y la Dirección de Recursos Humanos por la que se actualizan y adoptan medidas específicas y complementarias para el PAS en el ámbito laboral, adaptadas a la ampliación del estado de alarma.](#)
- (22/04/2020) [Criterios académicos de adaptación válidos para todas las titulaciones de la US durante el período excepcional provocado por el COVID-19](#)
- (11/04/2020) [Comunicado del Rector de la Universidad de Sevilla.](#)
- (11/04/2020) [Documento marco para la adaptación de la docencia y la evaluación en las universidades andaluzas a la situación excepcional por el COVID-19 durante el curso académico 2019-20.](#)
- (02/04/2020) [Acuerdo de los Rectores y Rectoras de las Universidades Públicas de Andalucía y el Consejo de Economía, Conocimiento, Empresas y Universidad de la Junta de Andalucía.](#)
- (01/04/2020) [Comunicado de interrupción del cobro de los plazos 7º y 8º del precio público de las matrículas.](#)
- (30/03/2020) [Comunicado oficial de la Universidad de Sevilla.](#)
- (26/03/2020) [Nota informativa para contratistas y licitadores.](#)
- (25/03/2020) [Nota Aclaratoria de la Resolución Rectoral, de 15 marzo de 2020, por la que se adoptaban medidas de carácter extraordinario con ocasión del COVID-19.](#)
- (15/03/2020) [Resolución rectoral por la que se adoptan medidas de carácter extraordinario con ocasión del COVID-19.](#)
 - [Instrucciones para el PDI.](#) (Actualizadas 30/03)
 - [Instrucciones para el PAS.](#) (Actualizadas 30/03)
 - [Instrucciones para el Estudiantado](#)
- (15/03/2020) [Instrucciones para el PDI.](#)
- (15/03/2020) [Instrucciones para el PAS.](#)
- (15/03/2020) [Comunicado de las universidades públicas de Andalucía.](#)
- (14/03/2020) [Nuevas instrucciones para minimizar el riesgo de la comunidad universitaria.](#)
- (13/03/2020) [Resolución rectoral por la que se adoptan medidas académicas, materiales y de personal en relación con la evolución del COVID-19.](#)
 - [Instrucciones de Gerencia y Dirección de RR.HH. para la ejecución de medidas.](#)
- (12/03/2020) [Comunicado universidades andaluzas COVID-19.](#)
- (12/03/2020) [Comunicado de la Universidad de Sevilla acerca del COVID-19.](#)
- (11/03/2020) [Comunicado de la Universidad de Sevilla acerca del COVID-19.](#)
- (10/03/2020) [Comunicado de la Universidad de Sevilla acerca del COVID-19.](#)

Fonte: páxina web da Universidade de Sevilla

Ilustración 5. Protocolos de saúde da Universidade de Sevilla

Procedimiento de seguridad y salud para la continuidad del trabajo ante la pandemia de COVID-19

- [Guías de implementación de las medidas de prevención](#) para centros, departamentos, servicios e institutos universitarios de investigación de la Universidad de Sevilla.
- [Instrucciones de los Vicerrectorados de Organización Académica y Profesorado, de 8 de mayo](#), por las que se establecen medidas complementarias para el **personal docente e investigador** y para el **personal investigador** de la Universidad de Sevilla en el marco de la situación excepcional generada por la pandemia de COVID-19.
- [Instrucciones de la Gerencia y la Dirección de Recursos Humanos, de 8 de mayo](#), por las que se establecen medidas organizativas para el **personal de administración y servicios** de la Universidad de Sevilla en el marco de la situación excepcional generada por la pandemia de COVID-19.
- [Instrucciones de los Vicerrectorados de Organización Académica y Profesorado, de 15 de mayo](#), por las que se establecen medidas complementarias para el **personal docente e investigador** y para el **personal investigador** de la Universidad de Sevilla en el marco de la situación excepcional generada por la pandemia de COVID-19.
- [Instrucciones de la Gerencia y la Dirección de Recursos Humanos, de 15 de mayo](#), por las que se establecen medidas organizativas para el **personal de administración y servicios** de la Universidad de Sevilla en el marco de la situación excepcional generada por la pandemia de COVID-19.


Protocolo de actuación de la US en relación al COVID-19

Fonte: páxina web da Universidade de Sevilla



Ocasionalmente, inclúense **protocolos de actuación** adaptados para as diferentes instalacións vinculadas aos campos universitarios:

Ilustración 6. Protocolos de acceso a instalacións. Universidade Alfonso X El Sabio



Fonte: páxina web da UAX

Ilustración 7. Portal de documentación e recursos docentes da Universidade de Granada



Fonte: páxina web da Universidade de Granada

Cabe destacar que, no marco destas ferramentas de axuda e instrucións de adaptación, a información relacionada coa **investigación** é practicamente unha excepción. No caso da Universidade de Granada, aproveitase o mesmo recurso para facer unha **labor de transferencia**, dando publicidade ás investigacións desenvolvidas no período da Covid-19. Destaca tamén o contido elaborado pola Universidade de Alacante, onde elaboraron unha páxina con todas aquelas variables que podían ter incidencia na tramitación, xustificación e execución de axudas de investigación e proxectos na etapa Covid.



Ilustración 8. Investigación non presencial na Universidade de Granada

#UGREnCasa: Investigación

#UGRENCASA: INVESTIGACIÓN
Grupo de Telegram #yosigopublicando
Aula Permanente Virtual
Cursos de formación
Canales de información

Durante la crisis del COVID-19 el Vicerrectorado de Investigación y Transferencia a través de la Unidad de Evaluación Científica y la Escuela Internacional de Posgrado de la Universidad de Granada queremos que tengáis un espacio virtual para formaros y resolver vuestras dudas relacionadas con el mundo de la publicación, comunicación y evaluación científica. En este documento, en permanente actualización, tienes las iniciativas que estamos llevando a cabo y encontrarás información complementaria para seguir las actividades.

- Información completa en constante actualización en: <https://sites.google.com/go.ugr.es/yosigopublicando>

Ciencia en casa

CIENCIA EN CASA
Videos de la serie
Lista de reproducción de "Ciencia en casa"
Lista de reproducción de "A Ciencia Cerca"

Nuevo programa de divulgación científica de la Universidad de Granada, "Ciencia en casa", una iniciativa puesta en marcha por la Oficina de Gestión de la Comunicación (OGC) con motivo de la emergencia sanitaria por el Covid19.

Durante los próximos días, y a través de vídeos divulgativos, los investigadores de la Universidad de Granada nos explicarán en qué están trabajando desde sus casas, abordando asuntos de actualidad, en algunos casos, o conceptos científicos traducidos a un lenguaje sencillo, en otros.



"El programa "Ciencia en casa" recoge el espíritu de otra iniciativa anterior de la OGC, "A ciencia cerca", que fue puesta en marcha en el año 2016 y en la que participaron más de un centenar de investigadores, pertenecientes a prácticamente todas las facultades, escuelas universitarias y centros de investigación de la UGR", señala el director de la Oficina de Gestión de la Comunicación, José Ángel Ibañez.

Investigación en la UA durante la suspensión de clases presenciales

Resoluciones, instrucciones y notificaciones oficiales de la UA Actualizado 18-3-20	▼
Qué ocurre con los plazos de las convocatorias en marcha (solicitudes, justificaciones, informes, etc) Nuevo 18-3-20	▼
Oftrecimiento de la UA a la Generalitat Valenciana sobre COVID-19 Actualizat 25-3-20	▼
La ampliación de plazos administrativos, ¿es aplicable a los procedimientos internos? Nuevo 18-3-20	▼
¿Cómo afecta la crisis sanitaria a las solicitudes de Proyectos Europeos? Nuevo 18-3-20	▼
¿Puedo continuar con mis investigaciones en los laboratorios de la UA? Nuevo 18-3-20	▼
¿Puedo utilizar los recursos tecnológicos aplicables a la investigación desde casa? Nuevo 18-3-20	▼
¿Qué ocurre con mi contrato laboral? Actualizado 1-4-20	▼
¿Qué ocurre con la movilidad que tenía prevista? Nuevo 18-3-20	▼

Fonte: páxina web da Universidade de Granada e a de Alicante

Algunhas Universidades (por exemplo, a de Jaén) completan a información con recursos dirixidos ao coidado e a **estabilidade psicolóxica en caso de enfermidade**. Nalgún caso, como o da Universidade de La Laguna, estes recursos se estenden á poboación xeral. Neste caso concreto, ademais, a



Universidade ofrece unha páxina de información actualizada onde se proporcionan recursos para as mulleres que poidan estar en situación de violencia doméstica. De xeito similar, é frecuente que as institucións universitarias ofrezan un servizo de axuda e resolución de dúbidas.

Ilustración 9. Consultas e atención psicolóxica

Formularios para consultas

> [Otro tipo de consultas en relación a la Covid-19](#)

Apoyo a la comunidad universitaria

> [Servicio de apoyo psicológico durante el confinamiento](#)
> [Blog sobre el cuidado de pacientes con Covid-19 en el domicilio](#)
> [Blog sobre resultados de investigación que aporta la comunidad científica inter...](#)

Recursos de apoyo psicológico

El profesorado de la Facultad de Psicología y Logopedia de la Universidad de La Laguna ha creado una serie de materiales audiovisuales destinados a diferentes públicos, con el objetivo de ayudar a gestionar las posibles dificultades psicológicas derivadas de la crisis vivida estas semanas.

Recursos dirigidos a profesionales sociosanitarios

- [Convivir con el miedo al contagio en el hospital \(video\)](#)
- [Convivir con miedo al contagio \(folleto\)](#)
- [Convivir con el sufrimiento de los otros \(video\)](#)
- [Fatiga por el sufrimiento de otros \(folleto\)](#)
- [Supervisión de equipos en situaciones de alta incertidumbre](#)
- [Comunicar malas noticias por teléfono](#)

Recursos dirigidos a población general

Fonte: páxina web da Universidade de Jaén e La Laguna

Ilustración 10. Información Xeral. Universidade de La Laguna

Enlaces de interés

- Para conocer la información actualizada del [Ministerio de Sanidad](#)
- [Gobierno de Canarias](#)
- [Guía de actuación para mujeres que estén sufriendo violencia de género](#) en situación de permanencia domiciliar derivada del estado de alarma
- **Teléfono de Información Coronavirus (COVID-19) del Gobierno de Canarias: 900 112 061**
- Para cualquier duda: covid19@ull.edu.es
- [Resumen del plan de emergencias de la Universidad de La Laguna](#)
- [Modelo de Docencia para el curso 2020-2021](#)

Fonte: páxina web da Universidade de La Laguna



O cadro 2 resume o contido da información incluída nestes repositorios de documentación, agrupados por categorías de contidos relacionados.

Cadro 2. Contidos de información principais na comunicación elaborada en relación coa xestión da COVID-19

Categoría	Descrición
Comunicados institucionais	Comunicados elaborados polos distintos órganos de xestión (Goberno de España, Goberno das Comunidades Autónomas, Conferencia de Reitores, Reitorados) sobre as medidas e accións necesarias para conter a expansión do virus.
Seguridade e Saúde	Medidas dirixidas á protección dos colectivos en situación de contaxio ou enfermidade. Inclúe medidas de prevención.
Protocolos de actuación	Elaboración de guías de actuacións para a comunicación en situación de saúde persoal. Inclúe guías de acción ante incidencias de contaxio, e identificación de órganos responsables (xeralmente comisións de seguimento).
Instrucións para a docencia online	Protocolos onde se establecen as pautas de funcionamento para o desenvolvemento da docencia en liña.
Atención á fenda dixital	Catálogo de medidas de apoio para o acceso a equipamento informático e redes de comunicación a colectivos (basicamente estudantado) con dificultades.
Normas para provedores	Instrucións referidas á xestión de continxencias para a suspensión de contratos e/ou prazos nas relacións con terceiros.
Dereitos relacionados coa propiedade intelectual e a privacidade	Instrucións vinculadas coa observancia de licencias, dereitos de autoría, propiedade intelectual e privacidade de información e imaxe nas redes.
Avaliación da aprendizaxe	Criterios e normas para desenvolver os procesos de avaliación para garantir a súa correcta funcionalidade.
Formularios de consulta	Páxinas dirixidas á formulación de dúbidas e problemas relacionados coa enfermidade.
Apoio psicolóxico	Protocolos, guías e recomendacións para o soporte psicolóxico e actuacións básicas de coidado co motivo da Covid-19.

Fonte: elaboración propia



Polo tanto, da revisión da información dispoñible en relación coa resposta das diferentes Universidades obsérvase que cada unha das institucións elaborou plans de acción con diferente nivel de desenvolvemento. Isto permítenos concluír que existe un certo nivel de coincidencia de política universitaria similar no conxunto do sistema universitario español perante a pandemia da Covid-19. Nestes plans aparecen de xeito recorrente instrucións en materia sanitaria para facer fronte á pandemia, instrucións e recomendacións para o exercicio da docencia e o desenvolvemento do proceso de ensino, actuacións para a mellora da formación online do profesorado, a adaptación de sistemas de avaliación, e identificación das persoas responsables en xestión e actuación fronte ao Covid-19.

A RESPOSTA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Resolución do 12 de marzo de 2020³, no apartado primeiro de medidas preventivas (punto d) determinou a suspensión das actividades académicas no ensino universitario⁴. Esta resolución, que foi seguida da declaración da emerxencia sanitaria en Galicia o 13 de marzo de 2020 e do estado de alarma a nivel estatal o 14 de marzo de 2020, determinou -entre outros cambios- o paso case inmediato dun modelo de docencia baseado na presencialidade a outro non presencial, con todos os retos e implicacións que dito cambio supuxo.

A USC tomou un conxunto de decisións que facilitaron unha actuación conxunta e coordinada, dirixida a garantir a continuidade do servizo de educación e investigación, en condicións radicalmente distintas, pero sen perder a esencia e o rigor que caracterizan á institución. Neste apartado do informe revísanse as actuacións máis salientables, rematando coa estimación do impacto económico que a dita situación tivo para a institución universitaria.

³ Resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus Covid-19.

⁴ d) No eido do ensino universitario suspéndense as actividades académicas no ensino universitario mantendo residencias universitarias e bibliotecas cun terzo da capacidade. Así mesmo, suspéndense as prácticas en centros sanitarios da Comunidade Autónoma



ACTUACIÓNS DE XESTIÓN

As actuacións guía para coordinar a xestión da Covid-19 pasou pola constitución dun Comité de Crise e dunha estrutura de xestión descentralizada, coordinada a través dunha única voz pero con decisións coparticipadas. A Ilustración 11 reproduce graficamente a estrutura que soporta a xestión da pandemia na Universidade de Santiago de Compostela:

Ilustración 11. Estrutura de xestión da Covid-19



Fonte: USC

Ao amparo desta estrutura elaborouse un amplo conxunto de disposicións, resolucións e instrucións que supuxeron unha guía de acción para a comunidade universitaria. Esta información compílase nun código normativo, que se mantén en constante actualización, dispoñible para a consulta en aberto no espazo web <https://www.usc.gal/gl/usc/covid19/recompilacion-normativa>


Así mesmo, a Universidade dispuxo, desde o primeiro momento, de protocolos xerais para guiar as actuacións no caso de enfermidade ou para a celebración de actividades no eido universitario, así como protocolos específicos que afectan a áreas determinadas, como o Servizo Universitario de Residencias, Bibliotecas, Deportes ou Cultura, e que tamén son públicos nesa páxina web.




Ilustración 12. Protocolos na USC


Protocolos

Protocolos xerais

 [Protocolo para a xestión de casos COVID-19 na USC](#)

 [Protocolo interno de comunicación de incidencias](#)


 [Protocolo de medicións de CO2](#)

 [Protocolo para os actos académicos de graduación](#)

Protocolos específicos de servizos da USC

 [Protocolo da Área de Cultura](#)

 [Protocolo da Biblioteca Universitaria](#)

 [Protocolo da Escola Infantil Breogán](#)

 [Protocolo do Servizo de Deportes](#)

 [Protocolo do Servizo de Residencias](#)

Fonte: páxina web da USC

Ademais, dispuxéronse unha serie de protocolos en cada un dos centros da Universidade, tanto no campus de Santiago coma no de Lugo:

- **CAMPUS DE SANTIAGO:** Escola Técnica Superior de Enxeñaría, Escola Universitaria de Traballo Social, Facultade de Bioloxía, Facultade de Ciencias da Comunicación, Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, Facultade de Dereito, Facultade de Enfermaría, Facultade de Farmacia, Facultade de Filoloxía, Facultade de Filosofía, Facultade de Física, Facultade de Matemáticas, Facultade de Medicina e Odontoloxía (sección Medicina), Facultade de Medicina e Odontoloxía (sección Odontoloxía), Facultade de Óptica e Optometría, Facultade de Psicoloxía, Facultade de Química, Facultade de Relacións Laborais, Facultade de Xeografía e Historia.
- **CAMPUS DE LUGO:** Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, Escola Universitaria de Enfermería, Escola Universitaria de Relacións Laborais, Facultade de Administración e Dirección de Empresas, Facultade de



Ciencias, Facultade de Formación do Profesorado, Facultade de Humanidades, Facultade de Veterinaria.

Cómpre tamén facer referencia a dúas oficinas creadas *ad hoc* para a xestión da pandemia. A primeira, a **Oficina Virtual de Atención**, púxose en marcha pouco despois da declaración do primeiro estado de alarma e estaba organizada de xeito especializado en catro ámbitos: alumnado, persoal, investigación e asuntos xerais. Atendeu con éxito durante o primeiro confinamento a toda a comunidade universitaria e ao público que precisaba relacionarse coa Universidade, poñendo á súa disposición tres canles (correo electrónico, teléfono e whatsapp) que permitiron unha comunicación áxil e a resolución fluída das incidencias que se ían producindo.

A segunda, a **Oficina de Xestión Covid-19**, iniciou o seu traballo co comezo do curso 2020-2021 e está dirixida fundamentalmente á atención de incidencias derivadas da enfermidade por coronavirus e á xestión e distribución do material hixiénico-sanitario que precisan os diferentes centros da USC.

Ilustración 13. Oficina Covid-19 da USC



Fonte: USC


Esta oficina recibiu máis de 8.500 chamadas, e atendeu a tramitación de preto de 10.000 incidencias dende a súa creación.



ACTUACIÓNS DE COMUNICACIÓN

A USC creou un **sitio web específico** na web institucional⁵, para centralizar a información sobre as actuacións, normas e recomendacións de prevención.

Ilustración 14. Sitio web da Covid-19 na USC



Fonte: páxina web da USC


No marco destas tarefas de comunicación, enviáronse máis de 13.000 **correos informativos**, basicamente a través de listas institucionais (PDI, PAS e estudantado). As mensaxes combináronse dende a conta oficial do Reitor ou distintas entidades de xestión (vicerreitorados ou decanatos). Tamén se enviaron por telefonicamente **mensaxes instantáneos** para os cribados, preto de 2.500.

Outra área de inxente actividade por parte do servizo de comunicación é a **sinalética e as aplicacións de identidade corporativa**. Deste xeito, a comunidade universitaria puido dispoñer dun conxunto de elementos gráficos de apoio á comunicación dixital e á sinalización de espazos a partir dos criterios establecidos polo Servizo de Prevención, dispoñibles para a súa descarga. O servizo de comunicacións tamén xerou un importante número de **noticias de actualidade**, publicadas inicialmente na web institucional e posteriormente enviadas aos medios de comunicación. Parte destas noticias versaron sobre os procesos de adaptación ao ensino non presencial, as determinacións do Goberno da USC e as novas e avances desenvolvidas polos grupos de investigación.

⁵ <https://www.usc.gal/gl/usc/covid19>



Ilustración 15. Exemplo de elemento de imaxe corporativa



Fonte: USC

Ilustración 16. Link de descarga de imaxe corporativa

Mis archivos > Reitorado > Gabinete > COVID-19 > **Conxunto de Imaxe Institucional COVID-19**

 Nome ▾	Modificado ▾	Modificado por ▾	Tamaño de archi... ▾	Compartido
 Carteis	 10/09/2020	TOURAL BRAN CARLOS	39 elementos	 Compartido
 Imaxes 1x1 (IG ou outros usos)	 10/09/2020	TOURAL BRAN CARLOS	7 elementos	 Compartido

Fonte: USC

ADAPTACIÓN Á DOCENCIA NON PRESENCIAL

As medidas de prevención adoptadas, e fundamentalmente as vinculadas coa suspensión das actividades docentes, motivaron un conxunto de esforzos para manter a docencia e chegar a todo o alumnado, o que conlevou o deseño de accións dirixidas á mellora da conectividade, o manexo de ferramentas electrónicas e dixitais e o acceso a material axeitado, para que ningún estudante quedase sen oportunidades por falta de recursos.

Parte destes esforzos materializáronse en forma de axudas, basicamente en tres liñas principais de acción:

- AXUDAS PARA A MANUTENCIÓN DO ALUMNADO NAS CAFETERÍAS E COMEDORES DA USC CURSO 2020/2021: 140




- PROGRAMA DE PRÉSTAMO DE MATERIAL INFORMÁTICO E CONEXIÓN Á REDE: 50
- AXUDAS PARA FACILITAR A DOCENCIA NON PRESENCIAL: 236

Para encarar a nova situación provocada polo confinamento, deseñouse un espazo con **instrucións e recomendacións para a docencia e avaliación en liña**, dividida en consellos dirixidos ao Persoal Docente e Investigador, e ao estudiantado. Neste contexto, tentouse particularizar as normas a cada contexto, definindo procedementos para fortalecer a coordinación e establecendo múltiples canles de comunicación. A rapidez na toma de decisións e a transparencia nas comunicacións conseguiu xerar unha contorna de certidume no marco de dificultade xeral predominante.

Ilustración 17. Espazo para a adaptación da docencia

Recursos para o traballo non presencial

Diante da situación de emerxencia sanitaria declarada pola Xunta de Galicia e da declaración do estado de alarma por parte do goberno, a Universidade de Santiago de Compostela acordou, mediante as correspondentes resolucións reitorais, a **suspensión temporal da actividade docente presencial** e o **peche das súas instalacións**. Co fin de **minimizar os efectos negativos** que estas decisións poidan ter sobre a marcha do curso académico, das actividades de investigación e do traballo de administración e servizos, a **USC adoptou diversas decisións co fin de que, co menor menoscabo posible**, a vida da Universidade poida continuar, na medida do posible, **en remoto**.



**Indicacións
xerais para o
ESTUDANTADO**



**Indicacións
xerais para o
PROFESORADO**



Fonte: USC

Para facer fronte á nova situación, estableceuse un conxunto de **recursos e materiais didácticos** a disposición da comunidade universitaria. Cabe destacar o inxente labor desenvolvido polos servizos informáticos e o CAU (centro de



atención a usuarios), que redobraron os seus esforzos para estar ao servizo permanente na asistencia e resolución de dúbidas nun contexto de urxente e constante adaptación. Igualmente, habilitáronse novos sistemas e ferramentas para que a comunidade universitaria puidese traballar a pleno rendemento.

O uso do Campus Virtual experimentou un notable crecemento, e deseñáronse sistemas de control para detectar calquera tipo de disfunción ou funcionamento incorrecto da docencia, con seguimento expreso do desenvolvemento da docencia virtual.

Ilustración 18. Recursos para a docencia

Ligazóns destacadas:	Campus Virtual ↗	Microsoft Teams ↗	A BUSC en liña ↗
Recursos sobre Office 365			
Guía rápida de uso de Teams en Educación @	Recopilación de recursos ↗	Vídeos de introdución (en castelán) ↗	Webinars ↗

Fonte: USC

Atención especial merece o traballo realizado para a **mellora da formación do PDI en competencias dixitais**. Así, a través do programa de formación e capacitación do persoal docente dispúxose un conxunto de cursos para o desenvolvemento de competencias en materia de docencia non presencial e de uso de ferramentas dixitais. Entre os cursos, destacaron os dedicados a crear contidos de formación, a xestión de materias e de ferramentas de comunicación no Campus Virtual, os talleres para o deseño de docencia en liña ou os centrados en ferramentas para a avaliación en liña.


ADAPTACIÓN AO TRABALLO NON PRESENCIAL

As actividades non se dirixiron unicamente ao PDI e o alumnado, senón que tamén foron dirixidas aos fluxos de traballo do persoal de administración e servizos (PAS). As ferramentas deseñadas ou melloradas, e os cursos



desenvolvidos permitiron garantir os procesos administrativos. Ademais, tamén os órganos colexiados puideron manter a súa actividade con normal funcionamento a través da realización de reunións ordinarias en modalidade non presencial, con previo deseño de protocolos para guiar o desempeño de funcións con rigorosidade e seguridade xurídica.

Ilustración 19. Espazo para a adaptación do traballo administrativo



Fonte: USC

Deste xeito, parte do Persoal de Administración e Servizos habilitouse para realizar **teletraballo mediante conexión remota** a través de rede privada virtual, algo necesario en moitos postos de traballo. Dispuxéronse as ferramentas para que todas as solicitudes de conexión fosen atendidas e funcionasen a pleno rendemento e realizouse un seguimento e monitoraxe da conectividade dos usuarios, para solucionar as posibles incidencias.

Neste eido, merece especial atención o establecemento de **protocolos e accesos dixitais a diferentes procesos habituais** na comunidade universitaria. Ante a situación que se xerou polo peche físico da Universidade, foron moitos os centros e servizos os que seguiron prestando atención ao usuario de forma telemática. Así, para facilitar este traballo elaboráronse guías e manuais, e determináronse sistemas de cita previa co obxectivo de facer máis asequibles os labores do persoal administrativo. Algúns dos servizos que implantaron o dito sistema foron a Oficina de Información Universitaria, a Área de Orientación Laboral, o Centro de Linguas Modernas, IV Ciclo, a Oficina de Análise de Reclamacións, a Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro, o Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, o Servizo de Participación e Integración Universitaria, o Servizo de Vixilancia da Saúde - Vacinación da gripe, o Servizo de Xestión Académica e a Tarxeta Universitaria de Identificación (TUI) virtual.



ATENCIÓN PSICOLÓGICA Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA

O coidado físico das persoas coas medidas de prevención fronte á Covid-19 foi un eixo central da actuación da USC, pero no Comité de Xestión Covid-19 púxose de manifesto a necesidade de ampliar ese coidado poñendo en marcha unha Unidade de Atención Psicolóxica dirixida ao alumnado e centrada en axudarlles a superar as consecuencias da pandemia.

Esta nova dotación asistencial, que se encadra no marco de actuacións dirixidas a paliar os efectos da pandemia producida pola Covid-19, está coordinada pola profesora do Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía Ana López Durán.

O servizo comezou a recibir demandas o 18 de maio e a atención psicolóxica (realización de sesións) comezou o 26 de maio (tras cumprimentar os aspectos referidos á protección de datos). A todos os correos recibidos se lles indicou, no caso de non poder ser atendidos de inmediato pola elevada demanda, que se contactaría con eles en canto fose posible.

Cadro 3. Rexistro de actividade do Servizo de atención psicolóxica

RESUMO MENSUAL 2021

MES	N.º DE DEMANDAS	N.º DE SESIÓNS	N.º DE PACIENTES
Maio (inicio)	140	14	14
Xuño	27	80	28
Xullo	15	65	30
TOTAL	182	159	84

Fonte: USC



Esta Unidade xestionou 330 demandas desde o mes de maio de 2021 e ata outubro (último mes no que dispoñemos de datos), realizando 294 sesións online ou presenciais. As patoloxías máis frecuentes son trastornos de ansiedade e estado de ánimo deprimido, fundamentalmente relacionados coa situación de distanciamento social, os cales se ven acentuados na época de exames (período en que se puxo en marcha o servizo) reflexándose en problemas para concentrarse, para durmir e unha excesiva activación fisiolóxica.

Semanalmente fixéronse publicacións no Instagram con recomendacións referidas ao coidado da saúde mental e o benestar psicolóxico coma a importancia de hábitos de sono axeitados, técnicas de control da activación, ou a importancia do exercicio físico.

PREPARACIÓN ANTICIPADA DO CURSO 2021-2022

No marco de actuacións desenvolvidas na etapa Covid-19, cómpre sinalar as actividades realizadas para a programación anticipada do curso unha vez retomada a presencialidade, nun escenario denominado "normalidade adaptada".

Seguindo as recomendacións do Ministerio de Universidades, elaborouse un plan de continxencia que permitise un cambio inmediato a un sistema de docencia online en caso dunha nova onda da pandemia. Estes plans de continxencia foron especificados para cada plan de estudo e con antelación ao inicio de curso, sendo verificados e aprobados con cada programa de ensino.

Inicialmente, e tamén seguindo as recomendacións do Ministerio, mantívoise o teletraballo para aquelas actividades que non requiren especificamente a presencialidade (titorías ou reunións, por exemplo). De igual xeito, mantívoise a formación e comunicación en medidas de prevención e coidado da saúde.

Isto supuxo a creación de diferentes escenarios (con medidas específicas e modalidades de ensino distintas) segundo a situación sanitaria e as esixencias por parte das autoridades sanitarias. Basicamente contémpanse tres potenciais escenarios: a modalidade de absoluta presencialidade, a modalidade semipresencial e a modalidade non presencial ou a distancia para unha nova situación de confinamento ou se teña que illar grupos ou clases e non sexa



posible a presencialidade. A USC indica o desexo de respectar o **carácter presencial da docencia**, e organiza os seus escenarios en función desta premisa, chegando a contemplar tres posibles momentos ou escenarios en caso de situacións que impidan esta docencia presencial.

Ademais, deseñáronse accións específicas en distintas áreas de intervención:

a. **Seguridade persoal da saúde.**

Establecen medidas concretas como as seguintes:

- Garantir que o número de estudantes nas instalacións non supere a capacidade destas, tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes.
- Redución de grupos e desdobres para garantir o distanciamento social
- Uso de sistemas de *streaming* para transmisión das sesións de aula.
- Hixiene de mans e uso de xeles hidroalcohólicos.
- Uso obrigatorio da máscara en todos os espazos do centro, durante a permanencia.

b. **Competencia dixital do profesorado.**

O Ministerio de Universidades determinou a necesidade de que o profesorado conte coas habilidades necesarias para a aplicación óptima dos plans de continxencia deseñados. Neste sentido, incorpóranse nos plans de formación do profesorado as liñas para o ensino online, tanto en competencias dixitais como en metodoloxías que posibiliten unha educación semipresencial ou *online*. Estas formacións ofértanse na súa maioría en formato de curso online ou *webinars*.

c. **Dispoñibilidade de espazos virtuais e sistemas de apoio á docencia en liña.**

A USC determinou o mantemento de sistemas de emisión e contornas virtuais de aprendizaxe que viñan usando na etapa Covid-19.

d. **Avaliación da aprendizaxe do alumnado.**



Nos plans de continxencia aparecen os sistemas de avaliación adaptados que se realizarán nas diferentes titulacións. A USC prioriza ou recomenda a presencialidade na avaliación, determinando que sempre que as condicións sanitarias así o permitan, as probas de avaliación das materias realízanse preferentemente de forma presencial. Porén, tamén contéplase a posibilidade de que se poidan substituír por outras actividades de avaliación que o alumnado poida levar a cabo e non requira de presencialidade. Igualmente, tamén se contempla a opción de que nunha nova situación de confinamento pódanse realizar probas de carácter telemático ou online.

e. **Atención a fenda dixital.**

Proséguese coas liñas de axuda para paliar a fenda dixital existente entre o alumnado e favorecer a conectividade e o acceso aos recursos tecnolóxicos.

O IMPACTO ECONÓMICO DA COVID-19 NA USC

Como se dixo previamente, a revisión da documentación dispoñible en relación coa incidencia da Covid-19 nas institucións universitarias permite facer unha estimación das medidas adoptadas, das adaptacións realizadas e da forma en que se mantivo a actividade en situacións adversas. Porén, non é doado atopar unha estimación dos impactos que esta situación xerou na economía das Universidades.

Este apartado aborda precisamente esta realidade, revisando o efecto que a emerxencia sanitaria tivo nos ingresos e gastos da Universidade de Santiago de Compostela. Os datos manexados para este apartado foron facilitados pola USC, extraendo a información da liquidación orzamentaria correspondente ao peche do exercicio 2020, contida na Conta Xeral recollida no Informe de Xestión 2020. Asemade, se inclúe información relativa aos anos precedentes - nomeadamente, dende 2017-, o que permite illar o efecto da Covid-19 e/ou analizar o seu papel catalizador sobre tendencias previamente iniciadas.

As especificidades orzamentarias das universidades, ás que non é allea a USC, nas que existen ingresos afectados a determinados gastos -como é o caso da maioría dos recursos de investigación, as taxas dos posgraos propios ou o financiamento de determinadas infraestruturas- non permite extraer conclusións sobre os factores que inciden na evolución dos ingresos e gastos utilizando as



cifras agregadas de dereitos recoñecidos e obrigas contraídas, que se recollen no cadro seguinte.

Cadro 4. Ingresos e Gastos da USC (millóns de euros)

INGRESOS E GASTOS (millóns de euros)									
	2017	2018	2019	2020	Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)		
					Importe	%	Importe	%	
Dereitos recoñecidos	242,73	248,34	254,97	246,53	-8,44	-3,31%	-2,15	-0,86%	
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		2,31	2,67	-3,31					
Obrigas contraídas	248,77	246,56	250,63	248,37	-2,26	-0,90%	-0,28	-0,11%	
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-0,89	1,65	-0,90					

Para avaliar a realidade económica da USC e a súa evolución recente resulta necesario desagregar os diferentes capítulos de ingresos e gastos, considerando no caso dos primeiros o seu carácter de afectados ou non. Se recolle nos apartados seguintes os capítulos de ingresos e gastos que, en maior medida, se viron afectados pola situación derivada da Covid-19, identificando os artigos e conceptos máis salientables, para os que se analiza a variación en termos absolutos e relativos, tanto dos dereitos recoñecidos como das obrigas contraídas, especificando o carácter de non afectados dos primeiros.

INGRESOS

Os ingresos do exercicio 2020 víronse diminuídos basicamente pola caída das taxas e prezos pola prestación dos diferentes servizos universitarios. As caídas máis importantes en termos relativos son as relacionadas con servizos complementarios da actividade docente, como poden ser os de atención clínica, a escola infantil ou as residencias universitarias.

No eido docente, ademais da diminución dos prezos públicos por servizos académicos relacionados coa caída do número de créditos nos que se matriculou o alumnado, tamén detéctase unha caída dos ingresos nos cursos de posgrao e especialización. Con todo, e en valores absolutos, as maiores diminucións detéctanse na baixada de prezos públicos por matrícula. No resto do capítulo II se inclúen ingresos asociados relacionados co uso de instalacións ou outros servizos universitarios que, na medida en que se paralizou a actividade académica, experimentaron una diminución significativa.



Cadro 5. Ingresos Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos

Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos. Dereitos recoñecidos (miles de euros)								
Conceptos	2017	2018	2019	2020	Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)	
					Importe	%	Importe	%
Prezos públicos por servicios académicos (non cursos posg e espec.)	18.082,07	17.537,40	17.774,44	16.512,89	-1.261,55	-7,10%	-1.285,08	-7,22%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-3,01	1,35	-7,10				
Cursos de posgrao e especialización	1.390,21	1.632,72	1.257,11	748,84	-508,27	-40,43%	-677,84	-47,51%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		17,44	-23,01	-40,43				
Outros servicios docencia	126,86	201,27	789,52	871,89	82,36	10,43%	499,33	134,03%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		58,65	292,28	10,43				
Prestación servicios investigación	11.171,73	10.832,57	9.263,01	8.848,28	-414,73	-4,48%	-1.574,15	-15,10%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-3,04	-14,49	-4,48				
Dereitos aloxamento SUR (residencias universitarias)	2.320,43	2.357,91	2.355,32	1.384,64	-970,68	-41,21%	-959,91	-40,94%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		1,62	-0,11	-41,21				
Servicios atención clínica	239,93	818,33	874,36	410,67	-463,69	-53,03%	-233,54	-36,25%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		241,06	6,85	-53,03				
Escola Infantil	118,98	133,80	156,29	79,42	-76,87	-49,18%	-56,94	-41,75%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		12,45	16,81	-49,18				
Resto capítulo III	5.106,34	4.689,72	4.660,55	3.327,23	-1.333,32	-28,61%	-1.491,64	-30,95%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-8,16	-0,62	-28,61				
Total capítulo III	38.556,56	38.203,71	37.130,60	32.183,86	-4.946,74	-13,32%	-5.779,77	-15,22%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-0,92	-2,81	-13,32				
Dereitos capítulo III non afectados	24.364,70	24.184,36	25.868,64	21.757,03	-4.111,61	-18,90%	-3.048,87	-12,29%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-0,74	6,96	-15,89				

Fonte: USC

En conxunto, os ingresos por prezos públicos e outros ingresos que integran o Capítulo III, diminúen en practicamente 5 millóns de euros. Se ben é posible detectar un devalar decrecente dende 2017 (algo máis dun 15% de diminución dende 2017), oito de cada dez euros de caída prodúcense no ano 2020. A súa vez, neste capítulo, os ingresos non afectados diminuíron en 4,1 millóns respecto do ano 2019, e nuns 3 millóns respecto da media do período 2017-2019.

No relacionado coas transferencias correntes (capítulo IV), a situación é a contraria. As transferencias extraordinarias realizadas pola Xunta de Galicia no ano 2020 -algo máis de 6,5 millóns de euros, entre os que se inclúen as específicas para facer fronte aos gastos derivados da pandemia- unidas ao incremento previsto no marco do Plan de Financiamento Universitario -case 3 millóns máis que o ano anterior- fan que o conxunto deste capítulo medre por riba do 4%. Neste capítulo de ingresos unicamente hai unha diminución, de algo máis do 8%, derivada de caída do "resto de transferencias" onde se recollen determinados ingresos asociados a convenios que presentan un comportamento desigual no tempo, como se pode ver nos anos precedentes.



Cadro 6. Ingresos Capítulo IV. Transferencias correntes

Capítulo IV. Transferencias correntes (miles de euros)								
Conceptos	2017	2018	2019	2020	Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)	
					Importe	%	Importe	%
Transferencia Xunta de Galicia. Acordo								
Financiamento	118.351,27	118.782,15	121.451,05	124.082,26	2.631,21	2,17%	4.554,10	3,81%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		0,36	2,25	2,17				
Outras trasferencias Xunta de Galicia	459,91	696,90	1.403,94	6.577,23	5.173,29	368,48%	5.723,65	670,54%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		51,53	101,45	368,48				
Resto capítulo IV: Outras trasferencias (sergas, sexenios, convenios, etc.)	21.863,41	20.644,48	22.273,17	20.477,75	-1.795,42	-8,06%	-1.115,93	-5,17%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-5,58	7,89	-8,06				
Total capítulo IV	140.674,58	140.123,53	145.128,16	151.137,24	6.009,08	4,14%	9.161,82	6,45%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-0,39	3,57	4,14				
Dereitos capítulo IV non afectados	119.139,19	121.154,78	129.312,40	136.490,79	7.178,39	5,26%	13.288,67	10,79%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		1,69	6,73	5,55				

Fonte: USC

O Incremento das transferencias correntes non afectadas ascendeu a 7,1 millóns de euros no ano 2020 respecto do ano anterior -13,2 millóns respecto da media do período 17-19-.

O capítulo de ingresos patrimoniais sofre unha diminución considerable debido a paralización da actividade que minorou os ingresos por arrendamentos e concesións administrativas.

Cadro 7. Ingresos patrimoniais

Capítulo V. Ingresos patrimoniais (miles de euros)								
Conceptos	2017	2018	2019	2020	Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)	
					Importe	%	Importe	%
Ingresos patrimoniais	1.728,50	650,47	620,20	348,00	-272,20	-43,89%	-651,72	-65,19%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-62,37	-4,65	-43,89				
Dereitos capítulo V non afectados	1.534,87	450,23	618,20	348,00	-270,20	-77,64%	-519,77	-59,90%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-70,67	37,31	-43,71				

O capítulo VI de ingresos está ligado a operacións de alleamento de inmovilizado por parte da USC, non realizadas no ano 2020.

Cadro 8. Alleamento de investimentos reais

Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais (miles de euros)								
Conceptos	2017	2018	2019	2020	Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)	
					Importe	%	Importe	%
Alleamento de investimentos reais	6.116,27	0,00	1.079,34	0,00	-1.079,34	-100,00%	-2.398,54	-100,00%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-100,00		-100,00				
Dereitos capítulo V non afectados	6.116,27	0,00	1.079,34	0,00	-1.079,34		-2.398,54	-100,00%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-100,00		-100,00				

Fonte: USC

O capítulo VII, de transferencias de capital, no que se inclúen os ingresos ligados á investigación competitiva, tamén se veu afectado pola incidencia da pandemia na actividade da USC, principalmente polas dificultades de execución e xustificación de determinadas actuacións.



Cadro 9. Transferencias de capital

Capítulo VII. Transferencias de capital (miles de euros)									
Conceptos	2017	2018	2019	2020	Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)		
					Importe	%	Importe	%	
Recursos investigación autonómicos	20.744,31	24.757,02	24.736,02	23.657,04	-1.078,98	-4,36%	244,59	1,04%	
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		19,34	-0,08	-4,36					
PGFU. Financiamento por resultados	12.828,62	13.322,16	13.393,02	13.811,29	418,27	3,12%	630,03	4,78%	
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		3,85	0,53	3,12					
Recursos investigación Ministerios	9.929,04	12.021,38	12.087,68	10.776,41	-1.311,28	-10,85%	-569,63	-5,02%	
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		21,07	0,55	-10,85					
Recursos investigación Unión Europea	7.156,33	7.578,14	12.046,09	7.499,31	-4.546,78	-37,74%	-1.427,54	-15,99%	
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		5,89	58,96	-37,74					
Resto capítulo VII	4.113,24	3.146,26	3.731,62	6.802,62	3.071,00	82,30%	3.138,92	85,68%	
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-23,51	18,61	82,30					
Total capítulo VII	54.771,54	60.824,96	65.994,43	62.546,67	-3.447,76	-5,22%	2.016,36	3,33%	
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		11,05	8,50	-5,22					
Dereitos capítulo V non afectados	18.223,17	18.833,88	22.669,95	22.495,58	-174,37	-0,78%	2.586,58	12,99%	
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		3,35	20,37	-0,77					

Fonte: USC

Así, se constata unha caída nos recursos competitivos, de especial importancia nos procedentes da Unión Europea, parcialmente compensados cos incrementos previstos no Plan de Financiamento Universitario ligados a resultados da investigación.

Con todo, os recursos de capital non afectados tan só diminúen no ano 2020 en 0,17 millóns de euros respecto do ano anterior, representando 2,5 millóns de euros máis que a media do período 2017-2019.

Finalmente, os ingresos financeiros, aínda que presentan unha caída significativa, non poden ligarse á afectación da actividade da USC pola Covid-19, estando relacionados con operacións de refinanciamento da débeda.

Cadro 10. Ingresos Financeiros

Ingresos Financeiros (miles de euros)									
Artigos	2017	2018	2019	2020	Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)		
					Importe	%	Importe	%	
VIII. Variación de activos financeiros									
IX. Variación de pasivos financeiros	879,48	8.534,96	5.018,42	309,90	-4.708,52	-93,82%	-4.501,05	-93,56%	
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		870,45	-41,20	-93,82					
Total ingresos financeiros	879,48	8.534,96	5.018,42	309,90	-4.708,52	-1519,35%	-4.501,05	-93,56%	

Fonte: USC

Para concluír sobre a afectación das consecuencias derivadas da Covid-19 sobre os ingresos da USC, resulta de interese analizar a evolución do total de ingresos non afectados, que recolleamos no cadro seguinte. Aínda que, como se expuxo nos apartados anteriores, determinadas partidas de ingresos si se viron afectadas á baixa, os recursos extraordinarios achegados para facer fronte ás consecuencias da pandemia supuxeron que a USC contase no ano 2020 con



2,6 millóns de euros máis que no exercicio anterior, 12,3 máis que a media do período 2017-2019.

Cadro 11. Ingresos non afectados

Ingresos non afectados (miles de euros)								
	2017	2018	2019	2020	Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)	
					Importe	%	Importe	%
Dereitos recoñecidos	163.261,93	164.623,26	178.469,19	181.091,40	2.622,21	1,45%	12.306,61	7,29%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		0,83	1,47	1,47				

GASTOS

No relacionado cos gastos, deixando á marxe os de persoal, conséntase unha significativa diminución nos gastos de funcionamento, nomeadamente os recollidos no capítulo II, de gastos correntes en bens e servizos, e no capítulo IV, de transferencias correntes.

Cadro 12. Gastos correntes en bens e servizos

Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos (miles de euros)								
Conceptos	2017	2018	2019	2020	Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)	
					Importe	%	Importe	%
Arrendamentos	413,95	465,85	452,25	457,62	5,37	1,19%	13,60	3,06%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		12,54	-2,92	1,19				
Reparación de edificios	478,46	415,57	256,77	127,35	-129,41	-50,40%	-256,24	-66,80%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-13,14	-38,21	-50,40				
Reparación e mantemento maquinaria, instalacións	1.574,84	1.521,77	1.475,43	1.158,38	-317,06	-21,49%	-365,64	-23,99%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-3,37	-3,04	-21,49				
Reparación e mantemento mobiliario e equipamento	690,11	699,66	929,58	1.013,69	84,11	9,05%	240,58	31,12%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		1,38	32,86	9,05				
Material oficina	1.370,94	1.363,34	1.441,97	1.221,77	-220,20	-15,27%	-170,31	-12,23%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-0,55	5,77	-15,27				
Subministracións	5.737,43	5.669,40	6.214,26	4.543,68	-1.670,58	-26,88%	-1.330,02	-22,64%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-1,19	9,61	-26,88				
Comunicacións	238,70	223,84	221,80	206,47	-15,33	-6,91%	-21,64	-9,49%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-6,23	-0,91	-6,91				
Primas de seguros	148,79	146,50	125,82	161,73	35,90	28,54%	21,36	15,21%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-1,55	-14,11	28,54				
Tributos	118,71	354,24	640,07	40,46	-599,60	-93,68%	-330,54	-89,09%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		198,42	80,69	-93,68				
Atencións protocolarias	95,43	127,83	100,16	25,13	-75,03	-74,91%	-82,67	-76,69%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		33,95	-21,64	-74,91				
Prácticas de campo	105,07	101,76	110,36	37,80	-72,57	-65,75%	-67,93	-64,25%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-3,15	8,46	-65,75				
Limpeza	7.290,58	6.979,08	7.842,86	9.406,58	1.563,72	19,94%	2.035,74	27,62%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-4,27	12,38	19,94				
Seguridade	1.297,95	1.291,74	1.308,92	1.368,96	60,04	4,59%	69,43	5,34%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-0,48	1,33	4,59				
Outros traballos realizados por empresas	3.494,46	3.917,62	4.137,61	4.439,77	302,16	7,30%	589,88	15,32%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		12,11	5,62	7,30				
Posgrao propio, cursos, conferencias, etc.	1.876,84	2.265,66	2.138,00	1.547,45	-590,55	-27,62%	-546,05	-26,08%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		20,72	-5,63	-27,62				
Extensión universitaria	1.477,66	1.144,99	1.329,00	1.220,12	-108,88	-8,19%	-97,10	-7,37%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-22,51	16,07	-8,19				
Indemnizacións por razón do servizo	423,55	394,31	424,73	197,77	-226,97	-53,44%	-216,43	-52,25%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-6,90	7,72	-53,44				
Gastos funcionamento programas exterior	732,92	393,32	454,47	104,52	-349,95	-77,00%	-422,38	-80,16%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-46,34	15,55	-77,00				
Resto capítulo II	791,42	711,57	965,98	817,53	-148,45	-15,37%	-5,46	-0,66%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-10,09	35,75	-15,37				
Total capítulo II	28.357,81	28.188,05	30.570,05	28.096,79	-2.473,26	-8,09%	-941,85	-3,24%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-0,60	8,45	-8,09				

Fonte: USC



Tamén é salientable a diminución dos gastos de capital, capítulo VII, neste caso ligada aos problemas na execución e xustificación das actividades de investigación. Polo que respecta aos gastos correntes en bens e servizos, estes diminúen en 2,4 millóns de euros respecto do exercicio anterior, 0,9 millóns de euros respecto da media do período 2017-2019, sendo salientable o menor gasto en subministracións, reparacións e mantemento, posgrao propio e conferencias, indemnizacións por razón do servizo e os programas de exterior, que compensa sobradamente o incremento de gasto de limpeza e de traballos realizados por empresas externas, máis relacionados coas necesidades extraordinarias derivadas da pandemia.

Os gastos financeiros reflicten un incremento próximo ao 29%, ligado ás condicións financeiras do endebedamento da USC

Cadro 13. Gastos financeiros

Capítulo III. Gastos Financeiros (miles de euros)					Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)	
Artigos	2017	2018	2019	2020	Importe	%	Importe	%
Gastos financeiros	936,47	439,39	415,09	495,64	80,55	19,40%	-101,34	-16,98%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-53,08	-5,53	19,40				

Fonte: USC

As transferencias correntes, que presentan unha diminución de 0,9 millóns de euros respecto do ano anterior, tamén reflicten a afectación da pandemia ás actividades da USC e as medidas tomadas por esta. Neste sentido destaca a diminución de gasto asociada á paralización da actividade dos programas relacionados coa internacionalización e incremento de gasto nas axudas extraordinarias articuladas para axudar á comunidade universitaria afectada.

Cadro 14. Transferencias correntes

Capítulo IV. Transferencias Correntes (miles de euros)					Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)	
Conceptos	2017	2018	2019	2020	Importe	%	Importe	%
Estudantes	887,61	933,97	826,97	542,70	-284,27	-34,37%	-340,15	-38,53%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		5,22	-11,46	-34,37				
Fomento da formación e investigación	0,00	0,00	0,00	34,50	34,50		34,50	
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		0,00	0,00	0,00				
Nominativas e axudas extraordinarias	877,39	871,60	1.085,72	1.333,33	247,61	22,81%	388,42	41,11%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-0,66	24,57	22,81				
Exterior	2.987,99	1.879,90	1.740,56	786,47	-954,09	-54,82%	-1.416,35	-64,30%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-37,08	-7,41	-54,82				
Outras	235,47	2,52	3,93	2,58	-1,36	-34,47%	-78,06	-96,80%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-98,93	55,89	-34,47				
Total capítulo II	4.988,46	3.688,00	3.657,19	2.699,58	-957,61	-26,18%	-1.411,64	-34,34%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-26,07	-0,84	-26,18				

Fonte: USC



Polo que respecta aos investimentos reais, o gasto liquidado no ano 2020 reflicte a afectación da pandemia ás actividades de investigación que viron parcialmente mermada a súa execución. Constátase unha diminución significativa tanto nos gastos asociados aos proxectos competitivos coma aos contratos e convenios de investigación e as reunións científicas. Pola contra, os investimentos ligados a edificios e infraestruturas de investigación non se viron afectados na súa execución, incrementando as obrigas contraídas respecto de exercicios anteriores.

 Cadro 15. *Investimentos reais*

Capítulo VI. <i>Investimentos reais</i> (miles de euros)								
Conceptos	2017	2018	2019	2020	Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)	
					Importe	%	Importe	%
Edificios, reparacións, ampliación e mellora; proxectos	2.687,36	2.820,85	2.777,61	3.521,95	744,34	26,80%	760,01	27,52%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		4,97	-1,53	26,80				
Infraestruturas de investigación	1.841,78	5.192,67	3.419,16	4.651,63	1.232,47	36,05%	1.167,09	33,49%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		181,94	-34,15	36,05				
Maquinaria e ferramenta	19,36	164,66	2,00	0,00	-2,00	-100,00%	-62,01	-100,00%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		750,73	-98,78	-100,00				
Moblaxe e equipamento	1.560,71	2.059,00	2.203,52	2.057,62	-145,90	-6,62%	116,55	6,00%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		31,93	7,02	-6,62				
Investigación xeral	13.440,70	14.417,46	15.228,83	15.125,30	-103,53	-0,68%	762,97	5,31%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		7,27	5,63	-0,68				
Proxectos I+D+i	26.125,88	26.836,17	29.985,82	27.093,68	-2.892,14	-9,65%	-555,61	-2,01%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		2,72	11,74	-9,65				
Convenios e contratos I+D+i	10.839,19	10.818,41	9.524,19	7.555,34	-1.968,85	-20,67%	-2.838,59	-27,31%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-0,19	-11,96	-20,67				
Reunións científicas	245,23	299,63	560,94	272,91	-288,03	-51,35%	-95,69	-25,96%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		22,18	87,21	-51,35				
Outras	0,00	41,75	0,00	0,00	0,00	0,00%	-13,92	-100,00%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>			-100,00					
Total capítulo II	56.760,20	62.650,60	63.702,07	60.278,43	-3.423,64	-5,37%	-759,19	-1,24%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		10,38	1,68	-5,37				

Fonte: USC

Finalmente, polo que respecta á variación dos pasivos financeiros, a súa evolución nos últimos anos está ligada aos compromisos de amortización e ás políticas de refinanciamento da débeda.

 Cadro 16. *Gastos financeiros*

GASTOS FINANCIEROS (miles de euros)								
Artigos	2017	2018	2019	2020	Dif_20-19		Dif_20-Media(17-19)	
					Importe	%	Importe	%
VIII. Variación de activos financeiros								
IX. Variación de pasivos financeiros	11.624,08	4.390,18	2.752,87	3.790,37	1.037,49	37,69%	-2.465,35	-39,41%
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		-62,23	-37,29	37,69				
Total ingresos financeiros	11.624,08	4.390,18	2.752,87	3.790,37	1.037,49	27,37%	-2.465,35	-39,41%

Fonte: USC



Conclusións

Da análise realizada neste informe respecto da incidencia que a crise sanitaria da Covid-19 tivo sobre a actividade da USC, e especialmente do impacto sobre a súa realidade económico-financeira, pódense destacar as seguintes conclusións:

- A aparición da Covid-19 provocou unha situación sen precedentes que obrigou a tomar un conxunto de decisións con carácter practicamente inmediato. A resposta da USC, tanto na adaptación da súa actividade principal coma nas actuacións relacionadas coa súa estrutura, amosou unha **alta capacidade de adaptación e flexibilidade** por parte da institución.
- A **estrutura de xestión** deseñada ad-hoc pola USC favoreceu a dita flexibilidade, permitindo tomar decisións conxuntas con inmediatez e nun marco de actuación conxunta. O alto **grao de descentralización** de dita estrutura, coordinada nun eixo común en torno a unha figura central de responsabilidade foi unha característica decisiva para a eficacia da equipa de xestión.
- As accións adoptadas pola USC están na liña doutras tomadas por outras universidades do Estado, cun conxunto de recursos e axudas destinadas a favorecer o mantemento da actividade nas mellores condicións posibles. Porén, a **formalización das decisións** da institución compostelana a través de ferramentas regulamentarias (resolucións e comunicacións, principalmente) son características distintivas no conxunto de respostas analizadas no Estado. Ademais, convén destacar a **transparencia e inmediatez** das ditas decisións, postas a disposición da comunidade universitaria en tempo real. De xeito similar, a toma dun conxunto de decisións para o mantemento da actuación dos órganos colexiados reforzou a **lexitimidade** das decisións.
- Outra característica distintiva da actuación da USC no marco da crise sanitaria é a dotación dunha **estrutura de consulta e coidado** para a saúde mental. Con todo, o feito de que esta fose limitada ao estudiantado é un factor limitante da efectividade de esta unidade.
- A parte máis afectada no marco de actuación é a relacionada coa **actividade de investigación**, cuxa paralización inevitable provocou un retardo considerable no desenvolvemento.



- En conxunto, estas actuacións conseguiron transmitir unha **imaxe de planificación** nun contexto de cambio continuo. Esta característica identifícase especialmente nas decisións e instrucións relacionadas co curso 2020-2021.
- Dende un punto de vista económico, a paralización das actividades presenciais afectou de forma significativa a determinados servizos universitarios que requiren de dita presencialidade, coa correspondente **merma dos ingresos** derivados destes. A dita característica é especialmente salientable no apartado de **ingresos por prezos públicos por servizos académicos** posto que, malia manterse a actividade docente en modalidade non presencial, detéctase unha clara diminución do número de créditos matriculados coa conseguinte caída de ingresos derivados da matrícula.
- O total de ingresos non afectados do capítulo III, no que se integran os recursos derivados das actividades antes referidas, **diminuíron no ano 2020 en 4,1 millóns de euros**, cando viñan mantendo unha tendencia estable e incluso crecente nos últimos anos.
- En contrapartida, os recursos extraordinarios achegados pola Xunta de Galicia para facer fronte as necesidades derivadas da pandemia e o mantemento dos compromisos inherentes ao Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia vixente en vigor -co correspondente incremento desta fonte de financiamento en 2020- supuxeron un **incremento dos ingresos non afectados** por transferencias correntes de 7,1 millóns de euros.
- Os **ingresos patrimoniais**, que contan cun carácter de non afectados, tamén se viron afectados negativamente pola paralización das actividades, cuantificándose a súa caída nuns 0,3 millóns de euros.
 - Os **recursos ligados á investigación** poñen de manifesto igualmente o impacto da pandemia nesta actividade, aínda que cun alcance significativamente menor que o acontecido coa docencia e os servizos asociados á dita actividade. Os ingresos por convenios e contratos -capítulo III- e por proxectos competitivos -capítulo VII- de investigación, viron reducida a súa contía, principalmente polas dificultades de xestión e xustificación das actividades de investigación.



- Pese a afectación da pandemia ás actividades e ingresos antes referidos, no ano 2020 os **ingresos non afectados** da USC se incrementaron en 2,6 millóns de euros respecto do exercicio anterior, ano no que estes ingresos xa tiñan experimentado un crecemento moi significativo.
- Como consecuencia da paralización das actividades presenciais se constata unha significativa diminución dos **gastos de funcionamento**, nomeadamente os integrados no capítulo II de gastos correntes en bens e servizos, que rexistra unha caída do gasto en case tódalas partidas agás as relacionadas coa limpeza e servizos prestados por empresas externas. Nomeadamente, estas partidas rexistran un notable aumento, probablemente ligado aos requirimentos adicionais derivados da pandemia aínda que non debe esquecerse que se tomaron unha serie de decisións de xestión -por exemplo, a internalización da xestión do servizo de limpeza- que poden ter influencia allea á pandemia. Con todo, a **diminución do gasto** no capítulo II no ano 2020 respecto do exercicio anterior se cuantifica nuns 2,4 millóns de euros.
- O mesmo acontece cos **gastos por transferencias correntes** que, pese as axudas extraordinarias de apoio ao estudiantado artelladas pola USC, a paralización de determinadas actividades universitarias e en especial as asociadas á internacionalización, rexistran unha caída do gasto neste capítulo de 0,9 millóns de euros, un 26% menos que no ano anterior.
- Á vista dos datos analizados, pódese concluír que a realidade económica-financieira da Universidade de Santiago de Compostela **non se veu afectada no seu resultado conxunto**. O efecto nocivo asociado á caída de ingresos foi contrarrestada cunha actuación con dúas características relevantes: a **eficacia**, reflectida na actuación do Goberno da Comunidade Autónoma e as súas liñas de achegas ordinarias e extraordinarias; e a **eficiencia**, protagonizada neste caso pola propia institución universitaria, asentada na rapidez de toma de decisións e racionalización de gastos. A coordinación entre ambos tomadores de decisión parece decisiva para esta actuación conxunta, que permitiu contrarrestar o efecto nocivo da situación descrita.



Referencias

Adedoyin, O. B., & Soykan, E. (2020). Covid-19 pandemic and online learning: The challenges and opportunities. *Interactive Learning Environments*, 1–13

Bond, M., Marín, V. I., Dolch, C., Bedenlier, S., & Zawacki-Richter, O. (2018). Digital transformation in German higher education: Student and teacher perceptions and usage of digital media. *International Journal of Educational Technology in Higher Education*, 15(1), 48

Bozkurt, A., & Sharma, R. C. (2020). Emergency remote teaching in a time of global crisis due to Corona Virus pandemic. *Asian Journal of Distance Education*, 15(1), i–iv.

OECD and Harvard Graduate School of Education (2020). *A framework to guide an education response to the COVID-19 Pandemic of 2020*. https://read.oecd-ilibrary.org/view/?ref=126_126988-t63lxosohs&title=A-framework-to-guide-an-education-response-to-the-Covid-19-Pandemic-of-2020

Fernandes, N. (2020). Economic effects of coronavirus outbreak (COVID-19) on the world economy. *IESE Business School Working Paper No. WP-1240-E*,

Hodges, C., Moore, S., Lockee, B., Trust, T., & Bond, A. (2020). The difference between emergency remote teaching and online learning. *Educause Review*, (March 27, 2020).

Huang, C., Wang, Y., Li, X., Ren, L., Zhao, J., Hu, Y., Zhang, L., Fan, G., Xu, J., Gu, X., & Cheng, Z. (2020). Clinical features of patients infected with 2019 novel coronavirus in Wuhan, China. *The Lancet*, 395(10223), 497–506.

Kopp, M., Gröblinger, O., & Adams, S. (2019, March 11–13). *Five common assumptions that prevent digital transformation at higher education institutions*. *INTED2019 Proceedings* (pp. 1448–1457).

Marinoni, G.; Land, H. and Jensen, T (2020). The Impact Of Covid-19 on Higher Education around the World. IAU Global Survey Report. International Association of Universities (IAU) https://www.iau-aiu.net/IMG/pdf/iau_covid19_and_hei_survey_report_final_may_2020.pdf

Perrotta, C. (2020). *Coronavirus quarantine could spark an online learning boom*. The Conversation. [https:// theconversation.com/coronavirus-quarantine-could-spark-an-online-learning-boom-132180](https://theconversation.com/coronavirus-quarantine-could-spark-an-online-learning-boom-132180)



Peters M. A.e outros (2020). Reimagining the new pedagogical possibilities for universities post-Covid-19. *Journal Educational Philosophy and Theory*. <https://www.tandfonline.com/doi/full/10.1080/00131857.2020.1777655>

Rapanta, C., Botturi, L., Goodyear, P. et ao. (2020). Online University Teaching During and After the Covid-19 Crise: Refocusing Teacher Presence and Learning Activity. *Postdigital Science Education* <https://link.springer.com/article/10.1007/s42438-020-00155-e>

Strielkowski, W. (2020). COVID-19 pandemic and the digital revolution in academia and higher education. *Preprints*, 2020040290.

UNESCO (2020a). *Global monitoring of school closures caused by COVID-19*. <http://covid19.uis.unesco.org/global-monitoring-school-closures-covid19/>

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: Informes de Xestión correspondentes aos exercicios 2017 a 2020.

Vlachopoulos, D. (2020). COVID-19: Threat or opportunity for online education? *Higher Learning Research Communications*, 10(1), 2.

Vial, G. (2019). Understanding digital transformation: A review and a research agenda. *The Journal of Strategic Information Systems*, 28(2), 118–144.

World Health Organization. (2020a). *WHO Director-General's opening remarks at the media briefing on COVID-19 - 11 March 2020*. <https://www.who.int/dg/speeches/detail/who-director-general-s-opening-remarks-at-the-media-briefing-on-COVID-19---11-march-2020->.

World Health Organisation. (2020b). Coronavirus disease 2019 (COVID-19) [Situation Report 51]. World Health Organisation. <https://www.who.int/publications/m/item/situation-report—51>.

Wu, Z. (2020). How a top Chinese university is responding to coronavirus. <https://www.weforum.org/agenda/2020/03/coronavirus-china-the-challenges-of-online-learning-foruniversities/>